

galicia

paseando entre viñedos



XUNTA DE GALICIA

NOTA IMPORTANTE_

Co obxecto de promover a comercialización de produtos turísticos, Turismo de Galicia levou a cabo unha licitación a través de procedemento aberto (en libre concorrència) dirixido especialmente a axencias de viaxe.

Os itinerarios incluídos neste folleto son o resultado das propostas de paquetes confeccionados pola axencia adxudicataria.

Galicia, unha experiencia enoturística

En Galicia o viño é cultura e arte, froito dunha tradición milenaria. Rías Baixas, O Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei son as cinco denominacións de orixe que na actualidade amparan algúns dos mellores caldos de todo o mundo.

Descobre os segredos dos viños galegos paseando entre viñedos en escarpadas ladeiras ou á beira do mar; percorrendo as súas adegas, as máis vangardistas, as máis señoriais e tamén as de maior tradición familiar. Coñece como vivían os primeiros poboadores destas terras nos castros, os enigmas das fortalezas medievais, o misterio que encerran os muros dos mosteiros. Goza de lugares recónditos na montaña, visita cidades históricas e pasea por vilas mariñeiras.

Pazos, hoteis con encanto, casas rurais, balnearios e talasos coidan con agarimo ao visitante. E unen a súa oferta á de restaurantes que te obsequiarán con todo o sabor de Galicia. *Albariño, mencia, godello, treixadura...* e ata máis de vinte variedades de uvas autóctonas conxugan á perfección cos manxares máis exquisitos. Terra de peixes, mariscos, carnes, pan, queixo, postres tradicionais e unha gran variedade de licores. Convidámoste a vivir experiencias enogastronómicas únicas.

EDITA_

Turgalicia. Estrada Santiago-Noia, km 3.
15896 Santiago de Compostela
Tel. 902 200 432 | 981 537 588 | cir.turgalicia@xunta.es

COORDINACIÓN_ xxxx

DESEÑO E MAQUETA_ Vía Láctea Comunicación, S.L.

FOTOGRAFÍA_ Arquivo Turgalicia

IMPRESIÓN_ xxxx

DEPÓSITO LEGAL_ xxxx

1 Cambados, berce do albariño

A vila mariñeira de Cambados, santuario do marisco e do albariño, bríndanos un percorrido polas súas adegas, os seus museos dedicados ao viño e os seus históricos pazos.

páx 8



2 As raíces do albariño

No corazón do Salnés realizaremos actividades ao aire libre, atoparemos a paz nos seus mosteiros e faremos rutas polos seus principais viñedos e adegas.

páx 14



3 Mar e viño no Rosal

Nesta experiencia comprobaremos os beneficios da talasoterapia, comeremos á beira do mar e coñeceremos un poboado galaico-romano da Idade de Ferro.

páx 20



4 Priorado do Ribeiro

Relaxarémonos nas augas mineiromedicinais dos balnearios, faremos un percorrido en catamarán polo Miño, coñeceremos adegas e mosteiros e chegaremos ao barrio xudeu de Ribadavia.

páx 26



5 Laias e os viños do Ribeiro

Un percorrido pola acrópole máis grande de Galicia, unha sesión de balneoterapia, visita a algunha adega e ao mosteiro onde os monxes cistercienses trouxeron as primeiras cepas de viño.

páx 32

7 Polas terras da D.O. Valdeorras

Da beleza paisaxística e monumental do Barco de Valdeorras trasladámonos ao concello da Rúa, onde se concentra o maior número de adegas desta denominación.

páx 44



6 Polas terras da D.O. Ribeira Sacra

Na Ribeira Sacra, berce do monacato galego, sorprenderannos os viñedos dispostos en bancais case verticais e os abruptos canóns, sinal de identidade destas fermosas paisaxes.

páx 38



8 Polas terras da D.O. Monterrei

Monterrei, dominado pola súa cidade-fortaleza, e Verín, terra de entroidos ancestrais, mostraranos os segredos do viño da máis xove denominación de orixe galega.

páx 50



9 Experiencia enogastronómica en Santiago de Compostela

Gozaremos da monumentalidade do casco histórico compostelán e no seu Mercado de Abastos cociñaremos con axuda dun chef.

páx 56

10 Tour polas Denominacións de Orixe de viños de Galicia

Unha ruta dunha semana polos espazos de referencia das cinco denominacións galegas. Visitaremos pazos señoriais, xoias arquitectónicas, adegas, recunchos de montaña, vilas mariñeiras; dende as Rías Baixas ata Santiago de Compostela, pasando pola Galicia interior.

páx 62



Paseando entre viñedos

experiencias



- AUTOESTRADA DE PEAXE
- AUTOVÍA
- REDE DE ALTA CAPACIDADE
- REDE DE ESTRADAS DO ESTADO
- REDE AUTONÓMICA BASE E COMPLEMENTARIA
- REDE AUTONÓMICA SECUNDARIA
- FERROCARRIL VÍA ANCHA
- FERROCARRIL VÍA ESTREITA
- PARQUES NACIONAIS/NATURAIS

1 EXPERIENCIA Cambados, berce do albariño

- día 1 | Cambados
- día 2 | Cambados - Vilanova de Arousa - Cambados
- día 3 | Cambados

2 EXPERIENCIA As raíces do albariño

- día 1 | Meaño
- día 2 | Meis - Cambados - Vilanova de Arousa
- día 3 | Meis - Meaño

3 EXPERIENCIA Mar e viño no Rosal

- día 1 | Oia
- día 2 | O Rosal - A Guarda
- día 3 | Oia

4 EXPERIENCIA Priorado do Ribeiro

- día 1 | A Arnoia - Cortegada - A Arnoia
- día 2 | Ourense - Leiro - Ribadavia
- día 3 | A Arnoia

5 EXPERIENCIA Laias e os viños do Ribeiro

- día 1 | Cenlle - Punxín e San Amaro - Cenlle
- día 2 | Leiro - Ourense - Cenlle
- día 3 | Ourense

6 EXPERIENCIA Polas terras da D.O. Ribeira Sacra

- día 1 | Monforte de Lemos
- día 2 | Sober - Esgos - Parada de Sil - Nogueira de Ramuín - Sober
- día 3 | Monforte de Lemos

7 EXPERIENCIA Polas terras da D.O. Valdeorras

- día 1 | O Barco de Valdeorras
- día 2 | A Rúa
- día 3 | O Barco de Valdeorras

8 EXPERIENCIA Polas terras da D.O. Monterrei

- día 1 | Monterrei - Verín
- día 2 | Monterrei - Verín - Vilarinho de Conso
- día 3 | Verín

9 EXPERIENCIA Experiencia enogastronómica en Santiago de Compostela

- días 1-2-3 | Santiago de Compostela

10 EXPERIENCIA Tour polas Denominacións de Orixe de viños de Galicia

- día 1 | Cambados
- día 2 | Vilanova de Arousa - O Grove - Baiona
- día 3 | Baiona - O Rosal - A Guarda - Tui
- día 4 | Tui - Leiro - Nogueira de Ramuín
- día 5 | Sober
- día 6 | A Rúa - Monterrei
- día 7 | Monterrei - Verín - Santiago de Compostela
- día 8 | Santiago de Compostela

Cambados, berce do albariño

Cambados ofrece unha experiencia enoturística única. O viño albariño, que seduce o padal de expertos *sumilleres*, únese á súa rica variedade de peixes e mariscos. Nas súas rúas, a monumentalidade dos seus pazos e casas señoriais da aristocracia e fidalguía galega fortalece o encanto desta vila mariñeira.



1 EXPERIENCIA

día 1 |

Cambados

- 1_ Parador de Cambados
- 2_ Paseo da Calzada
- 3_ Paseo Marítimo

día 2 |

Cambados

- 4_ Praza de Fefiñáns
- 5_ Adegas de Fefiñáns
- 6_ Pazo de Fefiñáns

Vilanova de Arousa

- 7_ Parroquia de Tremeoedo

Cambados

- 8_ Museo Etnográfico e do Viño
- 9_ Ruínas da Igrexa de Santa Mariña Dozo
- 10_ Monte da Pastora

día 3 |

Cambados

- 11_ Ruínas da Torre de San Sadurniño

INICIO_ Cambados
FIN_ Cambados
XORNADAS_ 3

MÁS INFORMACIÓN_

- Parador de Cambados. Tel_ **986 542 250**
- Museo Etnográfico e do Viño. Tel_ **986 526 119**
- Adegas do Pazo de Fefiñáns_ www.fefinanes.com



| día 1 |

Cambados, vila monumental e mariñeira

Chegaremos a Cambados ao atardecer. Se decidimos hospedarnos nun edificio de valor histórico e monumental destaca o Parador, o antigo **Pazo de Bazán**, situado en pleno centro. Os antepasados da escritora Emilia Pardo Bazán mandárono construír no século XVII. As súas paredes aloxaron no seu día ao xeneral De Gaulle.

A festa do viño

O Parador é accesible pola Rúa Príncipe, franqueando o Paseo da Calzada, unha coqueta alameda de chopos e álamos que na primeira semana de agosto convértese nun ferreiro chispeante grazas á Festa do Viño Albariño, de Interese Turístico. Nesa data invádena decenas de casetas montadas polas mellores adegas da zona, que ofrecen os seus albariños a prezos populares.

> Viñedos en Cambados



O mar e os seus manxares

Cruzamos a alameda e chegamos ao **Paseo Marítimo**. Seguindo unha ringleira de palmeiras e espazos verdes podemos bordear un tramo de costa ou acceder ao porto deportivo. Nos dous casos teremos ante nós as illas da Toxa e Arousa e a península do Grove. No mar distínguense centos de bateas, plataformas flotantes para o cultivo do mexillón, a ostra e a vieira.

Atopámonos ante un dos depósitos máis importantes de fitoplancto do planeta. Por algo se di destas rías, e en concreto de Cambados, que son o santuario do marisco, ademais do albariño. Todos os hotéis, restaurantes e locais de tapas da vila ofrecen nas súas cartas unha selección de produtos de excelente calidade. Comprobarémolo no momento de sentarnos á mesa para cear.

| día 2 |

De ruta por adegas e pazos

Nesta xornada exploraremos a fondo a riqueza enolóxica de Cambados a través das súas adegas e museos temáticos.

Entramos no aristocrático **barrio de Fefiñáns** ata a praza do mesmo nome. É a máis imponente de Cambados e unha das máis fermosas de Galicia. Chegamos en poucos minutos dende a Rúa Real, tras cruzar a Praza Asorey. Fascinaranos o conxunto artístico levantado ao seu redor no século XVI e declarado Ben de Interese Cultural. Está formado pola Igrexa de San Benito, unha atalaia-miradoiro coñecida como Torre da Homenaxe, un fermoso arco-ponte de traza barroca e o impresionante Pazo de Fefiñáns, do que chaman a atención os seus balcóns circulares aos dous extremos do edificio.

“A ti, meu Cambados,
probe e fidalgo e soñador,
que ó cantareiro son dos pinares
e ó agarimo dos teus pazos lexendarios,
dormes deitado ó sol, á veira do mar”.

Ramón Cabanillas

A adega de Fefiñáns

Fefiñáns alberga dende 1904 a adega máis antiga do lugar. A súa visita entreteranos aproximadamente unha hora ou quizais algo máis se a dilatamos con catas guiadas dos tres tipos de albariño que produce, xunto coas súas augardentes. Espertará curiosidade o seu típico emparrado, disposto a metro e medio do solo para evitar a humidade. Observarémolo ao longo dunha hectárea de terreo dende o interior do pazo. Tamén posúe un magnífico bosque de especies autóctonas e buxos centenarios, coidados con gran delicadeza.

O percorrido polas súas salas de fermentación, crianza e embotellado achéganos ao proceso de produción. As modernas tecnoloxías conviven en harmonía coa crianza destes caldos en barricas de carballo gardadas en adegas, onde domina a pedra e a madeira.

A exquisitez do Pazo de Fefiñáns

A visita ao interior do pazo tamén é posible. Ao deambular polos seus salóns, corredores e estancias apreciamos os gustos refinados da fidalguía galega asentada en vilas e cidades. O seu labor de mediación entre os labregos e o clero e a nobreza para o cobro de foros orixinou o seu enriquecemento. Mostra disto é o fermoso papel pintado que decora un dos seus salóns principais, inspirado en escenas orientais, traído por José Benito Pardo de Figueroa, primeiro marqués de Figueroa, durante a súa época de embaixador en Rusia a principios do XIX. No seu patio de armas dominan os escudos do vizcondado de Fefiñáns e do marquesado de Figueroa.

|> Vila mariñeira de Cambados



|> Adega



|> Museo Etnográfico e do Viño



|> Praza e Pazo de Fefiñáns



Terra de peixes e mariscos

Tras alegrar o padal co “príncipe dourado dos viños”, como definiu Álvaro Cunqueiro o albariño, chega a hora da comida. Calquera dos moitos restaurantes e locais de tapas que hai na vila son unha boa elección. Nos seus menús reinan os peixes e mariscos, preparados de mil e unha maneiras, mesmo a base de albariño. E non podemos esquecernos das típicas ostras crúas da ría con limón.

“Albariño, ouro da terra
sol que encendes os amores
alumeas corredoiras
e fas esquecer dores.
Albariño doce e craro
meu amigo feiticeiro
heiche de beber cantando
heiche de cantar bebendo”.

Ramón Cabanillas

A cultura do viño a través de adegas e museos

A tarde ábrenos novas posibilidades de descubrimento enoturístico con degustación e cata en adegas, dentro ou fóra de Cambados. Rumbo a **Tremoedo**, no veciño concello de Vilanova de Arousa, atoparemos algún exemplo de rexias adegas que coroan grandes e máis pequenas extensións de vide. É un traxecto non moi longo por estradas comarcais (PO-9005 e Estrada de Deiro), perfecto para deleitar a vista con suaves ondulacións da paisaxe cheas de emparrados.

Se quedamos en Cambados, o **Museo Etnográfico e do Viño** é idóneo para indagar sobre o viño do Salnés e, en xeral, das Rías Baixas. Foi un dos primeiros de España de temática vitícola e hoxe un dos mellor documentados. Alóxase nunha antiga casa reitoral do século XVI, chamada **Casa Ricoy**.

Unhas ruínas con moita historia

A visita ao museo resulta dobremente atractiva pola proximidade ás **ruínas da Igrexa de Santa Mariña Dozo**, declaradas Monumento Nacional e que albergan un cemiterio. Estes restos son capaces de conmovernos por tratarse do “máis melancólico camposanto”, segundo Cunqueiro. A igrexa é un exemplo de gótico mariñeiro. Varias hipóteses explican a súa destrución parcial no século XIX. Unha apunta a un incendio, fortuito ou provocado. A outra fala da gran cantidade de revoltas que se producían na época. Hoxe vemos os seus arcos espidos ao ceo, ricamente ornamentados de bólas. Se nos atopamos aquí no momento no que o Sol descende polo Atlántico dende o Monte da Pastora assistiremos a un fermoso espectáculo de xogos de luces entre os arcos.

Cando os días son longos podemos dilatar o noso paseo dez minutos en ascenso cara ao **Monte da Pastora**. Obteremos unha ampla panorámica da Ría de Arousa. En días moi claros alcánzase coa vista a poboación de Santa Uxía de Ribeira. Con esta imaxe volveremos ao hotel para cear e relaxarnos.

| día 3 |

Un paseo polas ruínas da Torre de San Sadurniño


Pola mañá, se madrugamos e o tempo é favorable, podemos dar un paseo para coñecer as ruínas da Torre de San Sadurniño, construída na Alta Idade Media. Atópanse nun illote chamado da Figueira, accesible por unha preciosa ponte de arcos cando a marea non está moi alta. Para chegar atravesaremos as rúas do **barrio de San Tomé**, o máis mariñeiro de Cambados.



> San Tomé



> Mariscadoras ante a Torre de San Sadurniño



> Santa Mariña Dozo

As raíces do albariño

Propoñémosvos unha escapada enoturística ao corazón do Salnés, onde se atopan as raíces do albariño, para pasear entre viñedos aos pés das adegas señoriais, vangardistas e de rústica beleza. Son moitas as posibilidades que nos ofrece esta subzona da Denominación de Orixe Rías Baixas, con numerosas firmas dedicadas á elaboración de viños, escondidas en centros históricos como Cambados ou entre os suaves outeiros que van descendendo ata o Atlántico. Aproveitaremos o envoltorio mariño da ría e a frondosa natureza do val para organizar actividades ao aire libre.



EXPERIENCIA

- día 1 |
Meaño
1_ Localidade de Meaño
2_ Ponte sobre o río Chanca
3_ Muíños do río Chanca
- día 2 |
Meis
4_ Mosteiro de Santa María de Armenteira
5_ Adegas Mar de Frades Cambados
6_ Vila de Cambados
7_ Praza de Fefiñáns
8_ Paseo Marítimo Vilanova de Arousa
9_ Adegas Agro de Bazán
- día 3 |
Meis
10_ Monte da Escusa Meaño
11_ Adegas Pazo de Zárate

INICIO_ Meaño
FIN_ Meaño
XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_
→ Adegas Mar de Frades_ www.mardefrades.es
→ Adegas Agro de Bazán_ www.agrodebazan.com
→ Adegas Pazo de Zárate_ www.bodegas-zarate.com



| día 1 |

Ruta de sendeirismo e cea nun antigo muíño

Escollemos o concello de Meaño como punto de partida da nosa experiencia enoturística, pola súa fermosa paisaxe e a súa posición central na península do Salnés, onde a uva *albariño* estende os seus dominios. Entre a súa oferta de aloxamento atópase un **hotel rústico con encanto** de excelente servizo, onde chegaremos pola tarde. Teremos tempo de programar unha primeira actividade exploratoria destas terras, que concentran a maior superficie de viñedos da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Propoñémosvos percorrer un tramo da **ruta de sendeirismo dos muíños do río Chanca**, concretamente o que discorre entre as parroquias de Lores e Simes. Poderedes recrearos na súa natureza frondosa, detervos a escoitar o son das pequenas fervezas e remuíños de auga entre os cantos rodados ou observar como a corrente mexe a vexetación acuática.





> Claustro do Mosteiro de Armenteira



> Mosteiro de Santa María de Armenteira

Muíños restaurados, de máis de 200 anos de antigüidade

Partimos da **ponte sobre o río Chanca**, nas inmediacións da igrexa parroquial de Loreis. En adiante serán seis quilómetros que discorren sen apenas elevación do terreo. A ruta está ben sinalizada, provista de paneis explicativos, pasarelas e pontes de madeira e alumeado. Son moitos os muíños restaurados que atopamos, como o da Ponte, Igrexa, Daniel O Ferreiro, Entremuíños, Quintáns, Marcial de Barbeito ou Couso. Algúns teñen máis de 200 anos de antigüidade.

Aproximándonos a Simes, xa no segundo tramo, pasando a estrada, vemos que o bosque dá paso a campo aberto e cultivos de **albariño**. Suxerímosvos que, se o tempo o permite, pidades no hotel rústico que vos preparen un **pícnic de produtos típicos e albariño**, para aproveitar as estupendas áreas recreativas da ruta. Outra alternativa moi recomendable é, unha vez concluído o paseo, cear nun dos **antigos muíños** desta ruta, restaurado e convertido en restaurante con encanto. A súa oferta gastronómica destaca polas súas **carnes á brasa**.



> Muíño



> Viñedo no Salnés

| día 2 |

Paz e sosego no Mosteiro de Santa María de Armenteira

Despois do almorzo empregaremos a mañá coñecendo o patrimonio enolóxico e cultural do Salnés. Propoñémosvos comezar pola visita ao Mosteiro de Santa María de Armenteira, moi ben sinalizado dende que tomamos a AG-41. Considerado a catedral do Salnés, atópase nun contorno boscoso, ao abeiro do Monte Castrove. Fundono no século XII a Orde do Císter, aínda que da construción primitiva só se conserva a igrexa. O seu interior verémolo iluminado por un magnífico rosetón calado de elementos xeométricos.

As monxas que o habitan dende 1989 reviviron e abriron todo o conxunto á comunidade. Se pensamos en fuxir do mundanal ruído buscando tranquilidade e sosego, abrirannos as portas da súa hospedaxe. Isto proporcionálles ingresos que completan coa elaboración artesanal de **xabróns medicinais**, a partir do aceite de camelia que cultivan no seu xardín e que se destila na Estación Fitopatolóxica do Areiro.

Un percorrido polo viñedo e a Adega Mar de Frades

E a só tres quilómetros de distancia atopámonos en Meis coa Adega Mar de Frades, referencia innovadora do albariño nestas terras. Nela podemos observar o proceso de elaboración do seu viño. Comezamos no viñedo, estendido en terrazas con impresionantes vistas á ría. Continuamos coa adega, cuxo deseño vangardista, evocador dunha gran vela de barco, intégrase no bosque que coroa o Monte Valiñas.

No seu interior predomina unha marcada estética tecnolóxica, que apreciamos sobre todo na sala de fermentación, cuxos enormes tanques de aceiro podemos observar sobre as pasarelas metálicas que os rodean. En todo momento acompañannos traballadores da adega. Coa degustación dos seus viños conclúe a visita, aínda que tamén podemos iniciarnos na cata profesional cun *sumiller* experto.

Peixe, marisco e albariño en Cambados

Pensando no xantar propoñémosvos retomar a Autovía do Salnés en dirección a Cambados, a vila estandarte do albariño. Nas inmediacións da monumental **Praza de Fefiñáns** atoparedes moitos restaurantes que maridan os produtos da súa ría cos caldos afroitados da Denominación de Orixe Rías Baixas, ambos de merecido prestixio. Na sobremesa podemos deambular polas súas rúas señoriais ou respirar a brisa mariña no Paseo Marítimo mentres contemplamos o perfil da ría máis grande de Galicia.

Visita á Adegas Agro de Bazán, en Vilanova de Arousa

Pola tarde faremos unha visita guiada con degustación á señorial Adegas Agro de Bazán, seguindo a Estrada de Deiro (PO-9005), á que chegaremos en menos de dez minutos. Atópase no lugar de Tremoedo, xa no concello de Vilanova de Arousa. O seu edificio neoclásico eríxese ao estilo dos *châteaux* franceses. Está semienterrado nunha ladeira peiteada con extensos emparrados de calculada regularidade.

A paisaxe, cos seus viñedos, os bosques e o mar, é tan embriagadora como a visita ao interior. Aquí chaman a atención os alambiques tradicionais da sala de destilación, onde os augardenteiros preparan delicadas augardentes e licores a partir do bagazo da uva. A sala de barricas é unha alegoría aos útiles da cata; as súas columnas de granito reproducen a forma dos cataviños e os seus capiteis un *tastevin*. Ao rematar o percorrido, propoñemos a volta a Meaño para cear no noso hotel.



> Vilanova de Arousa

| día 3 |

Unha ruta en bici todo terreo ou unha visita a unha adega tradicional

Tralo almorzo podemos despedirnos do Salnés cun pouco de exercicio. No veciño Meis atopamos o primeiro centro BTT (bicicletas todo terreo) aberto en Galicia dende o que se poden programar rutas en bici. Podemos escoller a do **Monte da Escusa**, de baixa dificultade e que ofrece impresionantes vistas ás rías de Pontevedra e Arousa. Como algúns tramos transcorren entre bosques de piñeiros é fácil atopar cabalos en estado semisalvaxe pastando entre as árbores.

Se preferimos tomárnolo con calma podemos aproveitar o último paseo por Meaño para visitar o **Pazo de Zárate**, reconstruído no século XVIII, e que tamén alberga unha adega de gran tradición familiar. Tras franquear o seu enorme muro de granito polo portalón de madeira, achegámonos ao muíño e ao vello lagar, rodeado de antigos apeiros da vendima e a labranza. A súa beleza rústica achéganos o contraste perfecto ao señorío e a vangarda das adegas que visitamos o día anterior.



> Ruta en bici polo Salnés

Mar e viño no Rosal

Propoñémosvos explorar a arte de facer viño no Val do Rosal. Os viñedos encáixanse en paisaxes de gran beleza, nunha natureza favorecida pola suavidade do clima e a influencia marítima e fluvial. Tamén é aquí onde o Atlántico recibe ao río Miño e onde este nos une ao veciño Portugal. O seu carácter fronteirizo dálle un aire misterioso con paisaxes que agochan poboados prehistóricos, como o Monte de Santa Tegra. Nesta proposta convidámosvos a coñecer algunhas das adegas máis emblemáticas do Rosal, pero non deixedes de considerar as moitas posibilidades que ofrece esta subzona e visitar as instalacións doutras marcas vitivinícolas da Denominación de Orixe Rías Baixas.



INICIO_ Oia
FIN_ Oia
XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_
→ Adegas Terras Gauda_ www.terrasgauda.com
→ Adegas Quinta Couselo_ www.quintacouselo.com
→ Talaso Atlántico_ www.talasoatlantico.com



EXPERIENCIA

- día 1 |
Oia
- 1_ Localidade de Oia
 - 2_ Talaso Atlántico
 - 3_ Mosteiro de Santa María de Oia
 - 4_ Miradoiro da Riña
 - 5_ Petróglifos da Pedreira
- día 2 |
O Rosal
- 6_ Adegas Terras Gauda
 - 7_ Adegas Quinta Couselo
 - A Guarda
 - 8_ Porto da Guarda
 - 9_ Monte de Santa Tegra
 - 10_ Castro de Santa Tegra
 - 11_ Museo Arqueolóxico Castro de Santa Tegra
- día 3 |
Oia
- 2_ Talaso Atlántico

> Mosteiro de Santa María de Oia



día 1 | En Oia, do talaso ao mosteiro

O noso punto de destino é Oia, concello da comarca do Baixo Miño, onde se asenta o Val do Rosal. Chegamos dende a PO-552 pola costa. A súa oferta hoteleira inclúe un **hotel talaso**, onde podemos aloxarnos se nos apetece maridar viño e mar, unha fórmula xa ensaiada con éxito nestas terras.

Recomendámosvos chegar ao hotel a primeira hora da tarde para aproveitar as propiedades mineiromedicinais da auga do mar nos espazos termolúdicos do talaso. Tamén podedes organizar unha excursión, unha visita tranquila polo contorno ou realizar unha actividade lúdica. Unha boa opción é achegarse ao **Mosteiro de Santa María de Oia**, a uns minutos en coche dende o hotel. De paso que admiramos a súa monumentalidade e situación, á beira do mar, descubrimos o lugar onde comezou a historia do viño do Rosal. Aos monxes cistercienses que o habitaron dende o século XII atribúeselles o mérito da boa arte de cultivar a vide nestas terras.



> Mosteiro de Santa María de Oia

A ruta dos petróglifos da Pedreira

Trala visita suxerímosvos unha excursión seguindo a ruta dos petróglifos da Pedreira, no **Miradoiro da Riña**, dende o que observamos unha panorámica excelente sobre a enseada e o Mosteiro de Oia. O sendeiro está sinalizado para poder seguir e identificar este conxunto de enigmáticos petróglifos prehistóricos a base de liñas e cazoletas facilmente visibles.

De cea, produtos do mar, cogomelos ou cordeiro

De regreso a Oia podemos cear no hotel ou optar pola oferta gastronómica dos bares e restaurantes dos arredores. Nas súas cartas destaca o percebe, o polbo, a nécora e o ourizo de mar. Tamén inclúen receitas con cogomelos da montaña, cando é a temporada, e algas de distintas clases. Ademais, gozan de fama merecida na zona os queixos e chourizos de Torroña ou o cordeiro de Santa Comba.

| día 2 |

Visitamos varias adegas, comemos á beira do mar e camiñamos polo Monte Santa Tegra

Propoñémosvos dedicar a mañá a percorrer as paisaxes privilexiadas do Val do Rosal para descubrir a arte de facer viños coa axuda de dúas adegas significativas na zona, asentadas onde o Miño se une co Atlántico. Seguimos a mesma estrada costeira PO-552 ata a localidade da Guarda e logo dirección Tui.

As Adegas Terras Gauda

En media hora alcanzamos O Rosal, onde se sitúan as Adegas Terras Gauda. Vemos unha orografía suave, levantada entre 50 e 150 metros sobre o nivel do mar e ondulada por pequenos outeiros. Neste contorno atópase a adega, flanqueada por bosques de piñeiro e eucalipto e pola súa ampla extensión de viñedos. Son os mesmos que percorrерemos na visita.

A adega aséntase moi preto da desembocadura do río Miño por terras da Guarda. Pola súa situación no val, goza dun microclima excepcional, caracterizado por temperaturas suaves, xeadas moi escasas e abundantes precipitacións. Este aloumiño orográfico e climático e o traballo dos seus profesionais dan como resultado uns caldos que chegan ás mesas dos mellores hoteis do mundo. Explicarannos como funciona a súa aposta por facer convivir a nobreza do

albariño con outras variedades da zona, como a *loureiro* ou a delicada *caíño branco*. A visita conclúe cunha degustación na súa tenda.

A Adega Quinta Couselo

Tras despedirmonos, seguimos pola PO-552 e logo incorporámonos a unha rede de estradas provinciais para chegar á Adega Quinta Couselo, que toma o nome do lugar onde se asenta. A nosa visita discorre por unha antiga herdade que estivo en mans da Orde do Cister no século XII. Aquí levántanse os emparrados de vide nunha pequena extensión. A adega instálase nun pazo rústico de máis de 200 anos, típico da arquitectura rural galega. Hórreo, roda de carro e apeiro de labranza conviven no xardín.

Unha das estancias da adega dedícase a destilar os bagazos de *albariño*, *loureiro* e *caíño*. Estas novas **augardentes galegas** son parte da milenaria arte dos augardenteiros, transmitida de pais a fillos. A súa elaboración inspírase na tradición artesanal dos poteiros do Rosal. Comprobamos como a adega harmoniza este acervo coa fecundidade da súa terra, destilando augardentes e macerando nelas produtos tan exquisitos como os **mirabeis**.



> Desembocadura do Miño



> Lamprea



> Viñedos Terras Gauda



> Adega Quinta Couselo

Comemos no porto da Guarda

Tralo percorrido pensamos onde xantar. Peixes e mariscos ou carnes brancas maridan á perfección cos viños desta terra. Degustalos nos restaurantes e locais de tapas fronte ao porto da Guarda pode resultarnos unha idea atractiva. Un manxar típico aquí, en temporada, é a **lamprea**, pescada no estuario do Miño por ser zona de tránsito para a especie cando remonta o río para desovar. Se vos tenta o marisco sabede que a localidade é coñecida como a "**capital da lagosta**", con festa propia en xullo; e tamén é dona dun doce exquisito, a **rosca de xema**.

Para repousar a comida daremos un paseo pola zona portuaria da Guarda, onde nos sorprenden as casas típicas dos mariñeiros, estreitas, de varios pisos e gran colorido. No dique sur, coñecido como "**dique dos mariñeiros**", é doado entreternos observando as faenas dos pescadores, as embarcacións e os aparellos de pesca. Non esquezamos que esta actividade está moi arraigada na Guarda. A súa frota é das máis importantes de España para a captura de **peixe espada**.



> Castro de Santa Tegra



> A Guarda dende o Monte Santa Tegra



> Castro de Santa Tegra. A Guarda

Visita ao Monte de Santa Tegra

No Monte de Santa Tegra atópase unha das mostras da cultura castrexa máis significativa e mellor conservada de Galicia. Trátase dun **poboado galaico-romano** orixinario da Idade de Ferro, aínda que viviu o seu apoxeo nos séculos I antes e despois de Cristo coa chegada dos romanos. No ascenso ao monte obtemos impresionantes panorámicas da localidade da Guarda, do estuario do Miño e a súa desembocadura no Atlántico, o Val do Rosal, a Serra da Groba e o veciño Portugal.

Para os máis deportistas, a **ruta de sendeirismo homologada PRG-122** conduce ao cume do monte. A cada paso descubrimos unha vista diferente da comarca, ata chegar aos primeiros muros do antigo poboado. Camiñaremos sobre as súas rúas empedradas, entre os restos das vivendas, antigos almacéns ou talleres. E aproveitaremos para facernos unha foto ante unha das casas reconstruídas, que nos dan unha idea de como vivían os seus habitantes.

Outra opción é subir en coche pola estrada de acceso ao monte, ata chegar ao poboado, visítalo con calma e logo continuar ata o cume. Á nosa dereita observaremos un **viacrucis** e unhas extraordinarias vistas sobre o océano.

Unha visita ao **museo arqueolóxico** permitiranos coñecer a espléndida colección de esvásticas atopadas nas escavacións e o remate dos torques, motivo central da exposición. De influencia romana encontramos estelas funerarias antropomorfas e unha importante mostra de moedas. O museo conta cunha tenda onde se poden adquirir pezas de cerámica típica e artesanal. Tamén hai varios restaurantes-cafetería onde tomar un refrixerio. Ao remate da visita poñemos rumbo ao hotel na procura da cea e o relax.



> Talaso Atlántico

| día 3 |

Tratamentos de beleza, relax e saúde con auga mariña no talaso

Entre o almorzo e a despedida aínda temos tempo para gozar dun percorrido mariño nas instalacións do hotel-talaso. Podemos relaxarnos no **jacuzzi**, nas duchas de contraste, nos chorros ou nas camas de hidromasaxe. O efecto combinado da hidroterapia e a auga mariña a temperatura corporal será beneficioso para a saúde. Se o preferimos podemos optar por un tratamento específico con masaxes e produtos a base de chocolate, algas ou diferentes esencias florais; para relaxarnos, embelecernos ou mellorar a nosa saúde.

Priorado do Ribeiro

O Ribeiro é a comarca produtora de viño máis ancestral de Galicia. Os ríos Miño, Arnoia, Avia e Barbantiño conflúen nela, deixando ao seu paso unha frondosa vexetación de ribeira intercalada con viñedos e hortas. Nas súas ladeiras diseminanse igrexas, mosteiros, pazos, castros e xuderías, así como fontes termais, que resucitan nunha nova idade de ouro para os seus balnearios. As adegas que se propoñen neste itinerario son un exemplo das moitas que podedes atopar ao longo e ancho do territorio que forma a Denominación de Orixe, dende as modernas e grandes como a da Cooperativa do Ribeiro ás máis pequenas, de colleiteiro, cun trato máis familiar e próximo.



INICIO_ A Arnoia
FIN_ A Arnoia
XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_

→ Adega Pazo de Casanova_ www.pazocasanova.com
→ Adega Viña Meín_ www.vinamein.com
→ Balneario da Arnoia. Tel_ 988 492 400

→ Balneario de Cortegada. Tel_ 988 483 276



4
EXPERIENCIA

- día 1 |
A Arnoia
1_ Localidade da Arnoia
2_ Balneario da Arnoia
3_ Río Miño
Cortegada
4_ Balneario de Cortegada
A Arnoia
5_ Localidade da Arnoia
- día 2 |
Ourense
6_ Adega Pazo de Casanova
Leiro
7_ Adega Viña Meín
8_ Mosteiro de San Clodio
9_ Ponte medieval de San Clodio
Ribadavia
10_ Barrio xudeu
11_ Casa da Inquisición
12_ Ruínas do Castelo dos
Condes de Ribadavia
13_ Miradoiro da Praza Buján
- día 3 |
A Arnoia
2_ Balneario da Arnoia

| día 1 |

A Arnoia ábrenos as portas á comarca vitivinícola máis antiga de Galicia

A Arnoia será o lugar elixido como punto de partida para introducirmos na comarca vitivinícola máis antiga de Galicia, O Ribeiro. Neste concello, situado na marxe do encoro de Frieira, dáse o paradigma da harmonía entre viño, auga e termalismo que atoparemos noutros lugares da comarca.



O Balneario da Arnoia

A localidade conta na súa oferta de aloxamento cun establecemento hoteleiro con encanto rehabilitado sobre un antigo priorado cisterciense. Tamén existe un moderno hotel que alberga un balneario de augas hipotermias; emanan a 22 graos e a súa composición sulfurada e fluorada é a axeitada para combater afeccións reumáticas, dermatolóxicas ou respiratorias.

Recomendámosvos chegar cedo pola tarde se queredes aproveitala relaxadamente neste balneario, que se *aterraza* nunha ladeira en pendente, tal como fan aquí os viñedos. Dende o seu enclave privilexiado mira cara ás augas encoradas e aos bosques da ribeira do Miño. É a mesma paisaxe que veremos dende as súas piscinas exteriores e interiores.



> Balneario de Cortegada



> Balneario da Arnoia

Percorrido en catamarán polo río Miño

Se o tempo é propicio, pola tarde podemos completar a balneoterapia cun percorrido en catamarán polo río Miño. Practicamente aos pés do balneario atópase o embarcadiro de madeira. A travesía discorre por estas augas tranquilas durante máis dunha hora, acompañados en todo momento de viñedos e de carballos, salgueiros, ameneiros ou bidueiros. Segundo a época do ano tinguiranse de verdes, marróns, vermellos ou amarelos.

Chegaremos a outra poboación termal, a de **Cortegada**, cuxo balneario vemos exhibirse maxestoso na marxe do río, arroupado polo bosque ás súas costas. Se non é primavera ou verán aconsellámosvos concertar a viaxe coa empresa organizadora con anterioridade. No balneario poderán axudarvos a contactar con ela ou xestionalo directamente.

Os típicos pementos da Arnoia preséntanse de maneiras moi diversas, mesmo en xeado

Á hora de cear, para acompañar a un viño ribeiro podemos pedir produtos tradicionais, e, se estamos en temporada, gozar tamén dun dos manxares estrela da comarca: os recoñecidos pementos da Arnoia. Están exquisitos fritos, recheos ou en tortilla. Mesmo se serve xeado de pementos. En agosto celébrase a festa de exaltación do produto, declarada de interese turístico.



> Viñedos de Pazo Casanova

| día 2 |

De ruta polas adegas, admirando a monumentalidade do territorio e o barrio xudeu de Ribadavia

A Adega Pazo de Casanova

Pola mañá, tralo almuerzo, dirixímonos á poboación de Santa Cruz de Arrabaldo, preto da cidade de Ourense. Visitaremos a Adega Pazo de Casanova, a media hora de camiño pola A-52, a N-120 e a estrada provincial OU-0522. Despois de franquear as murallas de pedra do pazo rural do século XVIII pertencente á adega, nas ladeiras do terreo veremos as vides de *treixadura*, *albariño*, *godello* e *loureira*, ao longo dunha extensión de dez hectáreas que miran cara a poñente.

Durante o percorrido explicaranos o proceso tradicional de elaboración que segue a adega. E coñeceremos os proxectos de investigación nos que están inmersos para contribuir ao desenvolvemento e evolución dos viños da zona, en colaboración coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia. Ao rematar degustaremos os seus viños e augardentes.



> Adega Pazo Casanova

A Adega Viña Meín

Trala toma de contacto coa primeira adega suxerímosvos que poñades rumbo ao concello de Leiro, no curso medio do río Avia, de camiño entre Ribadavia e O Carballiño. Na parroquia de San Clodio do Ribeiro atópase a Adega Viña Meín, que poderemos visitar e degustar os seus caldos.

Rodeada por unha plantación de *treixadura*, o vello e gran casal é hoxe un coqueto aloxamento de turismo rural, pioneiro do enoturismo en Galicia, dende o que podemos ver ascender os viñedos pola ladeira. A adega, de nova construción, está levantada aos pés do edificio destinado aos hóspedes, aproveitando as pedras orixinais da adega antiga.



> Adega Viña Meín

O mosteiro cisterciense de San Clodio

Apenas a un quilómetro de aquí atópase o Mosteiro de San Clodio, Monumento Histórico-Artístico dende 1931 e considerado o berce dos viños do Ribeiro. Os monxes cistercienses ocupárono no século XII e o seu labor impulsou o cultivo da vide neste territorio. A terra, as suaves ladeiras e a orientación ao mediodía e ao oeste fixeron o resto do traballo. Hoxe alberga un hotel-monumento. Podemos acceder libremente ao seu interior e pasear polos seu xardíns ou visitar os claustros. Na súa igrexa sobresaie o retablo e o curioso artesoado mudéxar baixo o coro.

Carne, viño e licor café

De volta, no restaurante do hotel teremos a oportunidade de degustar carne ao barro ou año, ou elixir outros establecementos da parroquia con menús baseados na cociña tradicional e regados cos viños da zona. Na sobremesa é típico pedir unha copiña de licor café, tan popular en toda a provincia de Ourense.

Ao rematar podemos dar un paseo ata a **ponte medieval de San Clodio**, que, xunto co mosteiro, completa o conxunto histórico-artístico. Reparade na cruz que coroa o seu arco central. Na parede externa hai unha figura dun santo que podería ser San Clodio.



> Casa da Inquisición. Ribadavia

O barrio xudeu de Ribadavia

O resto da tarde dedicáremolo a pasear por Ribadavia, a capital do Ribeiro, onde se celebra, a finais de abril ou principios de maio, a **Feira do Viño do Ribeiro**, a máis antiga de Galicia e de Interese Turístico. O viño tamén trouxo a esta vila a unha importante comunidade hebrea, que chegou a ser a metade da súa poboación.

Podemos entrar ao barrio xudeu, entre a Praza Maior e a muralla. Entre as súas tendas destaca unha que prepara exquisitos doces hebreos seguindo antigas receitas. A **Casa da Inquisición** é un fermoso edificio do século XVI, que distinguiredes porque na fachada labráronse cinco escudos das familias ligadas ao Santo Oficio, chegado á vila para vixiar e axustizar aos falsos conversos xudeus.



> Castelo dos Condes de Ribadavia

Unha visita ás ruínas do Castelo dos Condes de Ribadavia

As ruínas do Castelo dos Condes de Ribadavia, na parte alta desta poboación, son a icona da vila. Abandonado dende o século XVII, aínda se percibe a grandeza de ter sido unha das maiores fortalezas medievais de Galicia. Convidámosvos a atravesar as tres portas da muralla que se conservan: a Porta de Cerca Oeste, fronte á Alameda; a Porta de Celanova, ao sur, comunicando co río; e a Porta Falsa, ao sueste, camiño ao muíño. No **miradoiro da Praza Buján** poderedes descansar do paseo vendo discorrer o río Avia, que máis adiante entrega as súas augas ao Miño.

Ribadavia conta con multitude de bares cunha rica selección de viños, ademais dos propios da Denominación de Orixe Ribeiro. Son unha excelente opción para ir de tapas e cear. Algún destes establecementos ofrece pola noite espectáculos de música en directo de grupos locais.

| día 3 |

Un tratamento no Balneario da Arnoia ou un paseo en barca

Tralo almorzo animámosvos a seguir aproveitando as propiedades mineiromedicinais do Balneario da Arnoia, onde poderedes recibir unha masaxe o un tratamento de estética, saúde ou relax. Se o preferides, poderedes baixar ata o embarcadero, alugar unha pequena barca de remos e navegar por estas augas mansas. Outra alternativa é pasear pola marxe e contemplar a paisaxe, ou tomar algo no seu pequeno e rústico bar rodeado de xardíns e con mesas de madeira.



> Feira do Viño do Ribeiro



> Ribadavia



> Mosteiro de San Clodio

Laias e os viños do Ribeiro

A cultura do viño e da auga termal están intimamente ligadas nas terras da comarca do Ribeiro, na Galicia interior. A súa accidentada orografía, mestura de ribeira e montaña, conforman fermosas paisaxes pero tamén gardan fabulosos castros, ermidas, igrexas e mosteiros, considerados o berce dos excelentes viños que producen. Estes caldos están hoxe amparados pola Denominación de Orixe do Ribeiro, cuxas adegas e rico patrimonio animámosvos a descubrir.



> Castro de San Cibrao de Las



INICIO_ Cenlle
FIN_ Ourense
XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_

- Adega Pazo Casanova_ www.pazocasanova.com
- Adega Viña Meín_ www.vinamein.com
- Balneario de Laias. Tel_ 988 280 409



5
EXPERIENCIA

día 1|

Cenlle

- 1_ Localidade de Cenlle
Concellos de Punxín e San Amaro
- 2_ Castro de San Cibrao de Las
Cenlle
- 3_ Balneario de Laias

día 2|

Leiro

- 4_ Adega de Viña Meín
- 5_ Mosteiro de San Clodio
Ourense
- 6_ Ponte medieval de San Clodio
Ourense
- 7_ Adega Pazo Casanova
Cenlle
- 3_ Balneario de Laias

día 3|

Ourense

- 8_ Fonte das Burgas
- 9_ Catedral de Ourense
- 10_ Praza Maior
- 11_ Igrexa de Santa Eufemia

| día 1 |

Dende Cenlle ata a acrópole máis grande de Galicia, o Castro de San Cibrao de Las

Propoñémosvos partir de Cenlle, concello situado na marxe do río Miño, onde as súas augas se acumulan a causa do encoro de Castrelo de Miño. Os seus mananciais de auga termal, que mana a máis de 50 graos, permítenos beneficiarnos deste recurso en modernas instalacións.

Aconsellámosvos chegar ao lugar a primeira hora da tarde, así poderedes aproveitala para programar unha visita a algún dos interesantes recursos patrimoniais da zona, como o espectacular **Castro de San Cibrao de Las**, tamén coñecido como "A Cidade", moi próximo a Cenlle, a cabalo entre os concellos de San Amaro e Punxín. Está considerado o maior

de Galicia. A súa superficie interior esténdese ao longo de case 100.000 m², dos que 9.000 pertencen á acrópole.

Entre a multitude de elementos do castro que chamarán a vosa atención, un dos máis singulares é a fonte-alxibe situada ao lado da porta oeste da muralla exterior. Sábese que o castro estivo habitado entre os séculos II antes de Cristo e o II despois de Cristo, etapa na que xa declinaba a cultura castrexa, polo que se aprecian na acrópole evidentes signos de romanización. Todo o castro, na cima dunha suave lomba, está rodeado dunha bonita paisaxe de onduladas montañas e vexetación autóctona.

Unha sesión de balneoterapia en Laias

Ao rematar a visita suxerímosvos que culminedes a tarde cunha sesión de balneoterapia nas instalacións termais de Laias. Segundo está documentado tamén o facía o rei de León Bermudo II, que no ano 999 acudía a estas terras acompañado do príncipe Alfonso para repoñerse da gota que padecía, a sabendas das propiedades salutíferas destas augas hipertermais, que hoxe coñecemos que son predominantemente bicarbonatadas e alcalinas. Gozar dun baño na piscina exterior de auga quente non só reporta beneficios para a saúde senón unhas excelentes vistas, pois é como un balcón onde mirar as augas do Miño remansadas no encoro de Castrelo de Miño. Se nos apetece tamén podemos realizar un tratamento de saúde, relax ou beleza.

“Mentras auga teña o Miño,
no Ribeiro non falta viño”.

Refrán popular



Acompañamos os mellores manxares da zona cunha copa de ribeiro

Á hora da cea existe unha gran variedade de produtos autóctonos de calidade cos que agasallar o padal. Xunto cunha copa de viño da Denominación de Orixe Ribeiro podemos escoller **pan de Cea** e un prato de **polbo á feira**, ao estilo de como o preparan na localidade próxima do Carballiño, famosa polas súas polbeiras, acompañado de **cachelos** e uns **pementos da Arnoia**, se é temporada. Se preferimos a carne, podemos decantarnos por unha **cachucha** ou **lacón con grelos**.

| día 2 |

Coñecemos os lugares onde os monxes trouxeron as primeiras cepas de viño a principios do milenio pasado

Despois de almorzar propoñémosvos comezar a somerxeros na cultura vitivinícola destas terras cunha visita a algunha das adegas amparadas pola Denominación de Orixe Ribeiro. O mosteiro cisterciense de San Clodio, no próximo concello de Leiro, está considerado o xerme do nacemento dos viños da zona, onde os monxes da Orde trouxeron as primeiras cepas a principios do milenio pasado.

No contorno existen ademais exemplos de adegas da Denominación de Orixe, como a de **Viña Meín**, na parroquia de San Clodio, que vos poden introducir na historia, a produción e as características dos viños que aquí se cultivan. Se a visitades poderedes pasear entre os viñedos

dunha plantación de *treixadura*, unha das variedades de uva branca preferentemente utilizadas pola Denominación de Orixe, e percorrer as instalacións da adega. Xunto ao viñado tamén hai unha construción tradicional rehabilitada e acondicionada como aloxamento rural; dende a súa galería vense os viñedos ascendendo pola ladeira. Culminaremos a visita degustando os caldos producidos pola adega, acompañados dunhas tapas, tan populares en Galicia.

Unha visita ao Mosteiro de San Clodio

Despois recomendámosvos que coñezades o Mosteiro de San Clodio, que se converteu en hotel-monumento con categoría de catro estrelas pero está aberto ás visitas. É posible pasear polos xardíns e polos soportais dos seus claustros ou acceder á igrexa románica, que alberga no seu interior un interesante retablo e un curioso artesoadado mudéxar baixo o coro.

Ademais, o mosteiro atópase enclavado nun val rodeado de viñedos, por onde resulta delicioso camiñar. Animámosvos a que vos acheguedes á **ponte medieval de San Clodio**, do século XV, que mostra na súa parte central un interesante cruceiro. Xunto co mosteiro forma un conxunto que ostenta a condición de Monumento Histórico-Artístico Nacional.

Carne, ribeiro e licor café

Á hora de xantar a zona conta con varios restaurantes, tanto no hotel-monumento de San Clodio como en distintas casas rurais. Ademais dos excelentes caldos da Denominación de Orixe Ribeiro é posible degustar boas carnes. Para acompañar a sobremesa non esquezades pedir unha copíña de licor café, pois o da veciña parroquia de Berán goza de xusta fama.

Un pazo do século XVIII convertido en adega

Pola tarde, xa repousada a comida, podedes poñer rumbo á poboación de Santa Cruz de Arrabaldo, próxima a Ourense, onde atoparemos un exemplo significativo das adegas da Denominación de Orixe Ribeiro, a **Adega Pazo Casanova**. Os seus viñedos das variedades *treixadura*, *albariño*, *godello* e *loureira* están xunto a un pazo do século XVIII, que pertence á adega e a onde accedemos tras pasar os seus muros de pedra. A adega colabora coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en proxectos que perseguen o desenvolvemento e evolución dos viños da zona, que poderemos degustar xunto cos destilados que elaboran.

Trala visita podedes concluír relaxadamente a tarde nas instalacións do **Balneario de Laias**, antes da cea.



> Praza Maior de Ourense

| día 3 |

Ourense, capital termal de Galicia

Despois do almorzo suxerímosvos unha visita á cidade de Ourense, capital termal de Galicia, con gran atractivo patrimonial e comercial. No centro histórico atópase un dos seus símbolos, a fonte neoclásica das **Burgas**, onde fumean as augas que abrollan dela a altas temperaturas. Existen dúas lendas: unha que di que a orixe do manancial está nun volcán en repouso baixo a cidade e outra que o establece baixo a **Capela do Santo Cristo**, na **Catedral de Ourense**, basílica de visita obrigada.

No casco histórico atoparedes tamén a **Praza Maior**, unha curiosa praza inclinada rodeada de edificios con preciosas galerías brancas; e a **Igrexa de Santa Eufemia**, xa de camiño cara á zona máis moderna da cidade, coa que conecta a través da Rúa do Paseo. Esta é a grande arteria peonil de Ourense, unha rúa de gran dinamismo, onde vos chamarán a atención os seus establecementos comerciais, en especial os de moda de calzado e téxtil.



> As Burgas



> Ponte Vella de Ourense

Polas terras da D.O. Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra, no interior de Galicia, é como un corazón que bombea vida polos ríos Miño e Sil. Ambos formaron unha paisaxe de abruptos canóns mesturados de bosques autóctonos e especies mediterráneas, debido a un microclima especial. Isto agradece especialmente a vide, cultivada aquí en pendentes que parecen desafiar a gravidade. Saborear estes viños, perder a vista cara a un abismo de auga ou refuxiarse en verdadeiras xoias do Románico, que foron berce do monacato galego, son parte deste destino, pensado para inundar os sentidos.



EXPERIENCIA

- día 1 |
Monforte de Lemos
 1_ Localidade de Monforte de Lemos
 2_ Conxunto monumental de San Vicente
 3_ Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra
- día 2 |
Sober
 4_ Parroquia de Doade
 5_ Centro náutico
 6_ Canóns do Sil
Esgos
 7_ Mosteiro de San Pedro de Rocas
Parada de Sil
 8_ Mosteiro de Santa Cristina
Nogueira de Ramuín
 9_ Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
Sober
 10_ Adegas de Sober
 11_ Miradoiro de Amandi
Monforte de Lemos
 1_ Localidade de Monforte de Lemos
- día 3 |
Monforte de Lemos
 12_ Colexio dos Escolapios
 13_ Convento das Madres Clarisas
 14_ Paseo do río Cabe

INICIO_ Monforte de Lemos
 FIN_ Monforte de Lemos
 XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_
 → Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra. Tel_ 982 105 303 / www.centrovino-ribeirasacra.com
 → Club Náutico de Doade. Tel_ 982 260 196



| día 1 |

> Claustro do Parador de Monforte

Nas orixes da cidade de Monforte

Ao atardecer chegaremos a Monforte de Lemos, capital e centro xeográfico da Ribeira Sacra. Os seus aloxamentos son variados e de excelente calidade. Conta cun **Parador** no mesmo lugar onde xerminou a cidade, o Monte de San Vicente, que ocupa as instalacións do **mosteiro neoclásico de San Vicente** e do **Palacio dos Condes de Lemos**. Xunto coa **Torre da Homenaxe**, que se pode visitar, forman un conxunto monumental imponente que mantén a traza de cidade-fortaleza rodeada por unha muralla, da que aínda se conservan amplos tramos.

Esta atalaia ofrece unha vista privilexiada sobre a cidade. Moi preto e sen saír dos muros pódese percorrer o seu burgo medieval. Aquí asentouse unha importante comunidade xudía, cuxas pegadas se deixan notar nas rúas Zapaterías, Falagueira e Pescaderías e, fóra da cidade amurallada, na Praza de España.






|> Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil



|> Embarcadero de catamaráns no río Sil



|> Canón do Sil

Unha visita ao Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra

Recomendamos a visita ao Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra. Neste edificio histórico desvelarannos todos os segredos da produción vinícola e as variedades autóctonas, que son máis de 90. E a súa tenda ofrécenas todas, xunto a unha coidada selección doutros caldos galegos e nacionais. O seu moderno espazo expositivo, dotado de recursos audiovisuais, fotografías, esculturas e pinturas, mostra a extraordinaria singularidade e riqueza natural, artística, climática e paisaxística da Ribeira Sacra. Unha visión de conxunto que nos preparará para absorber ao día seguinte as intensas sensacións que espertan este fermoso territorio.

Despediremos o complexo no seu local de **tapas**. Podemos regar o padal cun mención e deixarnos tentar por un toque de cocíña de autor, con produtos galegos da máis alta calidade, presentados como tapas creativas. Logo retomaremos o camiño cara ao hotel, onde gozaremos da cea.

|> Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra



| día 2 |

Unha aventura polos Canóns do Sil, en catamarán ou en tren turístico

Será necesario un consistente almorzo no hotel para iniciar a aventura polos Canóns do Sil, abruptas rupturas graníticas, símbolo da paisaxe da Ribeira Sacra. Existen dúas posibilidades de exploración. Unha dende as profundidades do canón, navegando sobre as augas do Sil e a outra a vista de paxaro. Cativadoras e emocionantes por igual, non temos que renunciar a ningunha se nos organizamos ben. Podemos resolver ambas dende **Doade**, no concello de Sober, a uns 13 quilómetros de Monforte de Lemos pola Estrada LU-903.

A media mañá, dende o seu centro náutico parte un dos **catamaráns** que percorre as augas do Sil durante dúas horas. Quedaremos perplexos ante a paisaxe que se alza sobre os nosos ollos. Soutos, carballeiras e tamén

especies mediterráneas como a oliveira parecen escalar polos desfiladeiros, tinguíndoos dunha gama increíble de vermellos, amarelos e verdes, se é outono.

O berce do monacato galego

Contemplaremos tamén como igrexas e capelas románicas salpican esta orografía. Estamos no berce do monacato galego, con exemplos sobresáintes como o **mosteiro románico de San Pedro de Rocas** e os de **Santa Cristina** e **Santo Estevo de Ribas de Sil**, este último reconvertido en Parador. O cultivo da vide, que se estende ao longo destes case precipicios, en terrazas, tamén chamadas socialcos, atraerá poderosamente a nosa atención.

Comemos nunha adega típica

Tralo periplo fluvial, seguro que vos esperta o apetito e o desexo de degustar os viños da Denominación de Orixe Ribeira Sacra que ampara estas uvas, case todas de variedade *menúa*. Á hora de comer é inevitable que a enoloxía se poña en pé de igualdade coa oferta gastronómica. Unha alternativa recomendable é recorrer ás **adegas de Sober**, que ofrecen servizo de restaurante de excelente calidade, co aliciente de gozar de construcións de arquitectura rural tradicional da zona. Non en van, a Ribeira Sacra foi o contorno elixido pola primeira casa de turismo rural que se abriu en Galicia.



> Torre da Homenaxe dende Monforte

O significado da “viticultura heroica”

Despois da sobremesa estaremos listos para vivir novas experiencias, como un percorrido en **tren turístico**, que parte de Doade. Durante dúas horas iremos serpeando o terreo por pistas asfaltadas que nos elevan polos canóns. É obrigada a parada en miradoiros estratéxicos como o de **Amandi**, localidade famosa pola súa feira do viño, recoñecida como de interese turístico de Galicia. Dende aquí sorprenderémonos admirando os viñedos en bancais case verticais e entenderemos entón o significado da expresión “viticultura heroica”.

Para repousar as emocións, o percorrido contempla unha parada nunha grande adega, onde catar os seus viños, ao tempo que aprendemos máis sobre a cadea de produción da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. De regreso a Doade é hora de volver sobre os nosos pasos a Monforte de Lemos para descansar no hotel. Antes podemos ir de **tapas** pola cidade, un costume moi arraigado na zona.

| día 3 |

De paseo por Monforte

Despois do almorzo no hotel e se contamos con tempo antes de iniciar o regreso a casa, é recomendable un pequeno paseo polo casco histórico de Monforte de Lemos. En poucos metros cadrados concentra valiosas sorpresas. Dende dúas obras do Greco, na importante pinacoteca do **Colexio dos Escolapios**, coñecido como o “Escorial galego”, ata unha das máis importantes coleccións de arte sacra que existen en España, no **Convento das Madres Clarisas**.

Estirar as pernas polo céntrico paseo á beira do **río Cabe** é outra opción para enchernos de enerxía antes da viaxe de volta. É probable atopar barquiñas de remos polas súas augas mansas, piragüistas e pescadores que darán unha nota de cor á paisaxe.



> Palacio dos Condes de Lemos



> Colexio dos Escolapios. Monforte



> Paseo pola beira do río Cabe

Polas terras da D.O. Valdeorras

A comarca de Valdeorras é unha zona de gran contraste xeográfico. Combina a súa proximidade a Pena Trevinca, coñecida como “o teito de Galicia”, coas súas profundas conchas fluviais, polas que discorre o río Sil e os seus afluentes. Na súa terra vermella e arxilosa a vide séntese cómoda. A lousa non só adorna os tellados de edificacións tradicionais, senón que compón un solo apto para a maduración da uva. Esta, convertida en viño, bótase a durmir baixo a terra, nas mesmas covas que escavaban os romanos hai séculos buscando ouro.



> Ponte en Petín. Valdeorras



INICIO_ O Barco de Valdeorras
FIN_ O Barco de Valdeorras
XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_

→ Pazo do Castro_ www.pazodocastro.com
→ Adega Alán del Val_ www.alandeval.com
→ Adega Joaquín Rebolledo_ www.joaquinrebolledo.com

→ Adega da Coroa_ www.acoroea.com
→ Adega Godeval_ www.godeval.com



7
EXPERIENCIA

día 1|
O Barco de Valdeorras
1_ Localidade do Barco de Valdeorras
2_ Pazo dos Flórez

día 2|
A Rúa
3_ Localidade da Rúa
4_ Encoro de San Martiño
5_ Adega Alán del Val
6_ Cova-adega “A Mina”
(Adega Joaquín Rebolledo)
7_ Adega da Coroa
8_ Área recreativa do Aguillón

día 3|
O Barco de Valdeorras
9_ Mosteiro de Xagoaza
10_ Igrexa de San Miguel
11_ Adega Godeval

| día 1 |

Retallos de historia medieval

Propoñémosvos unha ruta pola comarca e o Val de Valdeorras, modelado polo paso do río Sil entre montañas. A localidade do Barco de Valdeorras preséntase como punto estratéxico para explorar esta terra. Recomendámosvos chegar ao aloxamento elixido a primeira hora da tarde. A oferta hoteleira é variada, tanto na propia vila como nas súas parroquias.





O botelo, as castañas e os cogomelos predominan nos menús do territorio

E, para cear, a oferta de restauración é moi ampla. Ante o menú lembre o refrán que escoitaredes aquí: “Do mar, o mero; do Barco, o botelo”. O botelo é un elaborado da matanza do porco, todo un agasallo para o padal. Outros produtos recoñecidos da zona son as castañas, que están a ocupar un posto de honra na cociña actual de Valdeorras, xunto coa gran riqueza micolóxica dos seus montes. Na copa encaixarán á perfección tanto un tinto de *mencia* como un branco de *godello*, da Denominación de Orixe Valdeorras.

> Pazo do Castro

> Festa da Androlla



Da tradición dos pazos aos tratamentos de viñoterapia

Hoteis, casas e pazos gardan retallos da historia medieval desta cidade, polo que merecen unha visita. É o caso do **Pazo dos Flórez** ou Pazo do Castro, convertido en hotel. Está situado no lugar coñecido como Vila do Castro, a cinco minutos do centro, na parte alta do Barco de Valdeorras. Dende aquí ofrécese unha ampla vista sobre a chaira na que se asenta esta gran poboación. En 1630 D. Pedro Losada e Quiroga mandouno construír para fundar o seu morgado regular.

Chama a atención o seu aspecto orixinal, diferente ao resto dos pazos galegos. Recíbenos a súa fachada con seis arcos de pedra vermella do país sobre un amplo soportal e os seus tellados cubertos de lousa, sinal de identidade da comarca, cuxa actividade económica xira arredor da súa extracción. Declarado edificio histórico-artístico xunto coa súa capela, foi habilitado como hotel-monumento de catro estrelas. No seu interior conserva o mobiliario, a decoración e obras de arte orixinais. Curioseade no seu contorno e descubriredes nunha **palleira** anexa un pequeno museo de carruaxes e aparellos de montar.

Se chegáchedes cedo poderedes aproveitar e engadirille á tarde un pouco de relax no spa do pazo. Envolveamentos ou masaxes en aceites extraídos da uva son algúns dos tratamentos de viñoterapia que nesta zona integran a proposta arredor do amplo mundo do viño e a súa cultura.



> Adega Alán del Val



> Adega Joaquín Rebolledo



> Viñedos en Valdeorras

| día 2 |

De adegas na Rúa

A mañá dedicarémola a coñecer a fondo os viños da Denominación de Orixe Valdeorras, da man dos seus adegueiros, nos propios viñedos. Desprazarémonos en coche ata o veciño concello da Rúa, onde se sitúa o maior número de adegas adscritas á denominación. Seguimos a N-120 e logo o desvío indicado á localidade. No cuarto de hora aproximado de traxecto, a súa beleza vai revelándose ante nós. O curso encaixado do Sil que viñamos seguindo ensánchase aquí de tal maneira que forma aos pés da Rúa o **encoro de San Martiño**, espazo de gran valor natural pola súa flora e fauna e cuxo interior contén varias illas.

Os adegueiros móstrannos os segredos dos seus caldos

Son moitas as adegas da zona que merecen a nosa atención pola súa gran singularidade, así que dedicaremos boa parte do día a visitalas e conversar cos adegueiros sobre as variedades, o cultivo da viña, a poda, a vendima, a elaboración, o clima, os solos ou calquera aspecto que desexemos coñecer sobre o vínculo desta terra co viño.

Pola mañá poderemos acompañar aos adegueiros de **Alán del Val** ata a **finca A Costiña**, para ver as cepas de brancellao, orientadas ao sur nun terreo cunha marcada pendente. Baixo este solo de lousa, que facilita a permeabilidade e a absorción da calor solar, a maduración da uva será a idónea. Así é como esta adega elabora un viño exclusivo de parcela, con botellas numeradas que acaban nas mesas dos mellores restaurantes.

Máis tarde descenderemos ata a cova-adega denominada **“A Mina”**, construída no século XVIII e restaurada respectando todos os seus elementos estruturais. É aquí onde a **Adega Joaquín Rebolledo** madura os viños de crianza dun xeito natural, afastados do ruído e a unha temperatura e humidade sempre constantes. Nestas habitacións de pedra baixo a terra permanecen as barricas ata que os enólogos consideran que é o momento ideal para que os seus caldos saian ao mercado.

Os restaurantes da Rúa non descoidan os produtos típicos da zona como o botelo ou a androlla, a empanada de costelas, as anguías de río, o cabrito asado ou as carnes de caza.

Unha adega asentada sobre un antigo castro romano

Despois de xantar podemos subir ata o **Monte da Coroa**, onde se asentaba un antigo castro romano e hoxe faino a adega do mesmo nome. Os seus propietarios reconstruírona sobre unha edificación de máis de 300 anos de antigüidade, empregando só materiais autóctonos como lousa, pedra, madeira e barro.

Os ollos escaparánsenos de inmediato cara a unha pequena construción circular de pedras irregulares coroada por unha cheminea. Trátase do respiradoiro que usa a cova, oculta baixo os seus pés. Aquí ten lugar o proceso de fermentación deste ouro líquido que é o *godello*. A maxia e misterio do lugar aumentará ao coñecer que a 300 metros ao norte os romanos escavaban esta montaña para obter ouro e que a 200 metros ao sur cruzaba a *Vía Nova*, calzada romana número XVIII no Itinerario de Antonino, que comunicaba Astorga coa cidade portuguesa de Braga.



> Viñedo en Valdeorras



> Spa no Pazo do Castro

Un paseo pola natureza

Se ao rematar o percorrido cos adegueiros aínda non é moi tarde, aconsellámosvos pasear polo espazo verde do **Aguillón**, que rodea o encoro de San Martiño por toda a marxe dereita do río Sil ao seu paso pola Rúa. É o balcón perfecto para observar as aves que veñen aniñar aquí. Entre elas téñense rexistrado máis dunha ducia de familias distintas de patos.

Para cando sexa a hora de cear, se decidides facelo na Rúa, o **codillo de porco** é unha das especialidades polas que se distingue o concello, que exalta este prato nunha feira gastronómica anual.



> Encoro de San Martiño dende O Aguillón. A Rúa



> Mosteiro de Xagoaza

| día 3 |

Dos templos románicos ás modernas tecnoloxías de elaboración do viño


Antes de iniciar o regreso podedes dar un último paseo ata o **Mosteiro de Xagoaza**, que na súa orixe foi priorado dos cabaleiros Templarios, e a **Igrexa de San Miguel**, onde na parte superior se distingue unha Cruz de Malta labrada na pedra. En pouco máis de media hora dende o centro do Barco de Valdeorras alcánzase este fermoso conxunto medieval dos séculos XII e XIII, que trala súa restauración alberga as modernas instalacións da **Adega Godeval**, que podemos visitar. A arquitectura románica destas construcións e un contorno natural case virxe transportarannos a un tempo pasado. Pola contra, o interior da adega incorpora as máis modernas tecnoloxías para elaborar un viño monovarietal de *godello* ao amparo da Denominación de Orixe.



> Viñedos

Polas terras da D.O. Monterrei

Queremos achegarvos unha experiencia enoturística onde, ademais de gozar dos viños da máis xove Denominación de Orixe galega, a de Monterrei, vos sintades acollidos por unha terra de entroidos ancestrais. Marabillaranvos as súas variadas paisaxes, presididas pola mirada omnipresente da gran cidade-fortaleza de Monterrei.



> Viñedos ante o Castelo de Monterrei



EXPERIENCIA

- día 1 |
Monterrei
 1_ Parroquia de Vilaza
 2_ Pazo de Espada
 3_ Pazo de Limia
 4_ Igrexa de San Salvador
 5_ Fortaleza de Monterrei
Verín
 6_ Localidade de Verín
- día 2 |
Monterrei
 7_ Adegas de Vía Arxétea
Verín
 8_ Adegas Tapias Mariñán
Vilariño de Conso
 9_ Parque Natural do Invernadeiro
- día 3 |
Verín
 10_ Paseo do río Tamega
 11_ Casa do Asistente
 12_ Balneario de Cabreiroá

INICIO_ Monterrei
 FIN_ Verín
 XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_

- Adegas Vía Arxétea_ **687 409 618**
- Adegas Tapias Mariñán_ www.tapiasmarinhan.com
- Casa de turismo rural "O retiro do Conde"_ www.oretirodoconde.com

→ Balneario de Cabreiroá_ **988 590 015**
www.cabreiroa.es



> Vista do val dende o Castelo de Monterrei

| día 1 |

A beleza e monumentalidade do Val de Monterrei

Propoñémosvos chegar a primeira hora da tarde ao Val de Monterrei, na marxe do río Tamega. Estamos na zona suroriental da provincia de Ourense, moi preto de Portugal. Tras deixar as maletas no hotel comezaremos esta aventura enoturística explorando as fermosas poboacións do val. A parroquia de Vilaza, no concello de Monterrei, resulta un excelente punto de partida, pola súa proximidade ao enlace coa Autovía das Rías Baixas (A-52), que dota á poboación dunha inmejorable accesibilidade sen romper a vida apracible que se respira aquí.





> Castelo de Monterrei



> Pazo dos Condes

Pazos convertidos en casas de turismo rural

A localidade conserva a arquitectura dos seus tradicionais pazos. Algúns acollen establecementos de turismo rural, como o **Pazo de Espada** (antes coñecido como Pazo Branco-Raxoi), só accesible aos hóspedes, que ademais poden gozar dunha viñoteca provista dos caldos da Denominación de Orixe Monterrei. En fronte atópase o chamado **Pazo de Limia**; o seu portalón de entrada está coroado por un reloxo de sol e na súa fachada principal destaca unha galería acristalada e unha característica pedra de armas rodeada de decoración barroca.

Unha das principais singularidades de Vilaza é a súa **igreja barroca, a de San Salvador**. Ten unha torre de construción máis antiga e de grandes dimensións, chamada Torre dos Templarios.



> San Salvador de Vilaza

Visita á fortaleza medieval de Monterrei

Vilaza sente en todo momento a impetuosa mirada da fortaleza medieval de Monterrei, a icona desta comarca, do concello, do val e da etiqueta da súa Denominación de Orixe. A súa maxestosa presenza exerce unha influencia omnipresente sobre este territorio limítrofe con Portugal, cuxa fronteira vivía dende hai 800 anos. Aproveitaremos a tarde para visitar esta acrópole, a maior de Galicia para moitos autores.

Chegados dende Vilaza á N-525 xiraremos á esquerda en dirección Ourense ata atopar un desvío á dereita que sinaliza o Parador de Verín. Dende o contorno do Parador, aos pés do castelo, ascendemos camiñando polo outeiro. É a mellor maneira de reparar na tripla muralla e os seus edificios, construídos entre o século XII e o XVII. Primeiro atopamos o **Hospital de Peregrinos**, fundado no século XV. Non esquezamos que esta comarca é a porta de entrada a Galicia dende a Meseta e Portugal e referencia ineludible na Vía da Prata ata Santiago de Compostela.

Logo atravesamos as rúas do poboado ata chegar á última porta, que franqueamos para alcanzar o patio de armas. Dende aquí accedemos á **Torre da Homenaxe**, unha impresionante mole de pedra de 22 metros de altura. Dende ela dominaredes gran parte da conca do río Támega, val salpicado de viñedos, hortas, poboacións pequenas e máis grandes, como a de Verín. Tamén atoparedes a **Torre das Damas**, de menor tamaño e perfectamente encravada no **Pazo dos Condes**, edificio renacentista cunha vistosa arcada apoiada en columnas. A **Igrexa de Santa María** completa o conxunto; nunha das súas fachadas ten un Cristo rodeado de figuras antropomorfas e mitolóxicas que vos marabillará.



> Río Támega. Vilaza

Neste ambiente, que nos traslada a outra época, non nos custará imaxinar as lendas que rodean o lugar e que falan da condesa infiel que, temendo a ira do seu marido, se precipita dende a torre ao pozo do patio de armas, coñecido como "pozo verde", de 14 metros de profundidade.

Aínda que o contorno exterior da fortaleza é aberto, se estamos interesados en acceder ao interior da Torre da Homenaxe, do Pazo dos Condes e da igrexa, o horario de visitas é de 10.00 a 19.00 horas todos os días.

E, para comer, polbo á feira, bacallau ou cocido

Ao rematar a visita podemos cear en **Verín**, acompañando os viños da Denominación de Orixe Monterrei con polbo á feira ou bacallau. O cocido galego e todos os produtos relacionados coa matanza do porco, como a androlla ou a cachucha, tamén son unha boa opción. Estes manxares están vinculados co Entroido, aquí declarado de Interese Turístico Nacional, posto que nesta época degústanse con maior deleite.

> Entroido de Verín



Achegádonos á arte do viño

Tras un bo almorzo, pola mañá agárdannos os adegueiros de Monterrei. Dado que o territorio que conforma a Denominación de Orixe é relativamente pequeno, teremos ao alcance da man a maioría das adegas adheridas, repartidas polo Val do Támega.

Se eliximos Vilaza como lugar de aloxamento poderemos visitar a **Adega de Vía Arxétea**, de tradición familiar. O seu propietario guiaranos entre as vides e amosaranos as diferenzas entre unha *treixadura* e unha *godello*, as variedades brancas máis cultivadas na zona. Tocamos as cepas, as súas follas e as uvas para comprobar a textura e dureza. Poderemos asistir aos traballos de rareo da uva, a poda ou a vendima, segundo a época do ano. Na adega explícase o proceso de produción; descubriremos como se capturan todos os aromas da uva para transmitilos aos viños antes do seu paso pola prensa. E, finalmente, degustaremos os caldos que aquí se producen.

Dende Vilaza desprazámonos á poboación de Pazos, no concello de Verín, destino á **Adega Tapias Mariñán**. A adega segue o deseño dunha casa rural típica da zona, en granito. O extenso viñado aséntase en chan ao seu lado, cun gran pano

de fondo montañoso a media distancia. Percorrendo viñedos e degustando os caldos brancos de *godello* e *treixadura* ou os tintos de *mencia* chegaremos ao mediodía. No contorno atoparemos un mesón que prepara cociña tradicional e cuxa especialidade son as **grelladas de carne**.

A beleza do Parque Natural do Invernadeiro

Despois da sobremesa poremos a guinda á xornada coñecendo o Parque Natural do Invernadeiro, no Macizo Central ourensán, que deixa parte da súa pegada ao norte de Monterrei. A visita ten que ser previamente autorizada, xa que se trata dunha extensión propiedade da Xunta de Galicia.

Dende Verín tomamos a estrada comarcal OU-114 de Laza e alí colleremos o desvío a Campobeceros. É o mellor lugar para que a natureza destas terras nos seduza por completo, dentro dun territorio que sempre estivo deshabitado. No parque atoparemos abundante presenza de acivros, cancreixos e teixos. As aguias e os falcóns sobrevoan a zona e ata é posible avistar algún voitre branco. Os solos son dominio do lobo, o xabaril, o armiño ou a garduña.

Existen cinco posibles rutas guiadas, polas que podemos seguir a pista de corzos e cervos. Recomendámosvos escoller a que conduce ao circo glaciario e á fermosa **ferverza dos Arcos**. Inundados de sensacións regresamos ao hotel en busca da cea e o descanso.


De paseo por Verín

Antes de partir recomendámosvos unha camiñada matutina máis relaxada pola vila de Verín, seguindo o curso do Támega polo paseo do río ata a Alameda. Se desexades facer as últimas compras da viaxe podedes internarvos na zona máis comercial.

Aos amantes da heráldica non se lles pode pasar por alto a coñecida como **Casa do Asistente**, próxima á ponte que cruza o Támega. Impresiona o fermoso escudo que loce a súa fachada. Este edificio construíuse para o asistente do Conde de Monterrei, de aí o seu nome. Hoxe é a sede da Oficina de Turismo e albergue de peregrinos. Conta demais con dúas grandes salas de exposicións.



> Casa do Asistente



> Balneario de Cabreiroá

Un territorio rico en augas mineiromedicinais

Esta comarca é famosa polas súas augas mineiromedicinais. Cabreirorá, Sousas ou Fontenova son algúns dos seus mananciais; na actualidade tamén firmas de prestixio que comercializan a súa auga. Se desexamos visitalos, o máis singular é o **Balneario de Cabreiroá**, a un quilómetro da vila. Está rodeado dunha extensa área de bosque e xardíns polos que pasear e onde veremos o templete dos auguistas. No seu interior hai un gran depósito transparente onde chega a auga directamente do manancial, a cal burbulla de cando en cando. Isto débese a que estas augas manan con certo grao de carbónico de maneira natural, o que as fai tan especiais. Dunha billa conectada ao tanque podemos probar canta desexemos e comprobar as súas propiedades mineiromedicinais, xa declaradas de utilidade pública en 1906.




> Parque Natural do Invernadeiro

Experiencia enogastronómica en Santiago de Compostela

Propoñémosvos unha escapada a Santiago de Compostela, Patrimonio da Humanidade e capital de Galicia. Gozaremos do mundano pracer da súa exquisita gastronomía e dos seus recoñecidos viños. E espertaremos as nosas emocións ao contemplar a beleza da súa catedral, onde aproveitaremos para abrazar ao Apóstolo.



➤ Mercado de Abastos



9
EXPERIENCIA

día 1|
Santiago de Compostela

- 1_ Casco histórico
- 2_ Praza do Obradoiro
- 3_ Catedral de Santiago
- 1_ Casco histórico
- 4_ Alameda

día 2|
Santiago de Compostela

- 5_ Mercado de Abastos
- 6_ Centro Galego de Arte Contemporánea
- 7_ Museo do Pobo Galego
- 8_ Parque de Bonaval
- 5_ Mercado de Abastos

día 3|
Santiago de Compostela

- 1_ Casco histórico

INICIO_ Santiago de Compostela
FIN_ Santiago de Compostela
XORNADAS_ 3

MÁIS INFORMACIÓN_

➔ Catedral_ www.catedraldesantiago.es
➔ Mercado de Abastos_ www.mercadodeabastosdesantiago.com

➔ Centro Galego de Arte Contemporánea_ www.cgac.org
➔ Museo do Pobo Galego_ www.museodopobo.es



| día 1 |

A Praza do Obradoiro e a catedral, as xoias da cidade

Recomendámosvos chegar a Santiago a primeira hora da tarde. No casco histórico atoparedes pensións e hoteis con encanto en edificios envoltos de tradición e historia, en singular combinación con rehabilitacións innovadoras.

Despois de instalavos deixádevos perder pola alfombra empedrada das súas rúas. A catedral e a **Praza do Obradoiro** son visita obrigada. Se nos situamos no centro desta praza e xiramos sobre nós mesmos obteremos unha síntese visual de todo o que é Santiago: espiritualidade na **catedral**; coñecemento no **Pazo de San Xerome** (sede do reitorado da universidade compostelá); autoridade no **Pazo de Raxoi** (sede do Concello); e acollida no **Hostal dos Reis Católicos** (antigo hospital de peregrinos e hoxe Parador). Estilos diferentes unidos polo granito das súas construcións.



➤ Fachada da Catedral de Santiago

Suxerímosvos percorrer con detemento o interior da catedral. O **Pórtico da Gloria**, obra cumio da arte románica, é sobrecolledor. Non deixedes de abrazar ao Santo e visitar as súas reliquias. O itinerario iníciase subindo ao camarín do Apóstolo, no alto do altar maior, onde se abraza a súa efixie. Logo báixase á cripta, que custodia as reliquias gardadas nunha urna de prata labrada. As demais fachadas da catedral, acompañadas das súas prazas, merecen tamén un percorrido pausado.

De viños e tapas polo casco histórico, antes ou despois dun paseo pola Alameda

Ao rematar tomade a **Rúa do Franco**, chamada así por ser o lugar onde antano se hospedaban os peregrinos franceses. Captarán a vosa atención os expositores refrixerados con carnes frescas e acuarios cos peixes e mariscos en vivo, ás portas dos seus restaurantes. Aquí exhibese o mellor da gastronomía de Galicia, polo que podemos ir collendo ideas para a cea.

Ao final da rúa atravesamos **Porta Faxeira** -lugar onde se alzaba unha das sete portas que se abrían na muralla medieval-, paso natural que comunica o casco histórico coa **Alameda**, o gran parque do centro de Santiago. Contén fermosas sorpresas como un eucalipto centenario, preciosos xardíns de camelias e un pequeno bosque de vellos carballos. Dende o Paseo da Ferradura teredes unha visión frontal da catedral, que destaca entre o resto de edificios históricos. É unha imaxe fascinante en calquera momento do día pero, ao declinar a tarde, a luz concédelle unha atmosfera máxica.


Á hora de cear é un costume moi arraigado ir de viños e tapas de local en local polo **casco histórico**, aínda que a exquisita variedade de restaurantes en Santiago tamén convida a cear de prato. Cando entra a noite estas rúas ofrecen máis posibilidades. Unha é tomar unha copa tranquila ao encontro dos composteláns e gozar dos paseos nocturnos polas súas rúas envoltas nunha iluminación amarela e nostálgica que transmite sensacións románticas.



> Rúa do Franco



> Interior do Mercado de Abastos



> Mercado de Abastos

| día 2 |

O Mercado de Abastos, o segundo lugar máis visitado trala catedral

Despois do almorzo propoñémosvos un pequeno paseo cara ao Mercado de Abastos, o segundo lugar máis visitado de Santiago trala catedral. Para sacarlle o máximo partido podeades apuntarvos a un **taller gastronómico**, que inclúe a experiencia de comprar aquí os ingredientes e logo cocinálos.

Nos corredores da praza o noso olfacto inundarase cos aromas dos produtos frescos da horta, o marisco e o peixe das lonxas de Ribeira e A Coruña, xunto cos queixos e pans artesanais, viños e licores. Sorprenderanos a variedade, tamaños e cores, o noso oído envolverase de reclamos e invitacións dos comerciantes para ulir, tocar e mesmo catar o seu produto, autóctono e de proximidade. Aínda perdura a figura da paisana, que vende a pé de praza a colleita da súa horta, o mel das súas colmeas, os ovos da súas galiñas ou os polos vivos de curral. As máis coñecidas son as **pementeiros de Padrón**.

Podemos cocinar nós mesmos os produtos adquiridos no mercado, con axuda dun chef

Máis tarde, aos fogóns, o *chef* orientaranos pero nós cocinaremos. En función dos ingredientes adquiridos poderemos facer un guiso de polo de aldea, o tradicional polbo á feira, carne ao caldeiro, empanada de zamburiñas, salpicón de marisco ou un arroz mariñeiro con lumbricante. Segundo o noso gusto ou estilo poderemos elixir ou combinar o tradicional con preparacións máis vangardistas. Para a sobremesa aprenderemos a elaborar a afamada **torta de Santiago**, unha delicia de améndoas esmiuzadas. Entre cocción e cocción saborearemos unha copa dos recoñecidos viños das denominacións de orixe galegas, mentres intercambiamos trucos e consellos culinarios cos profesionais.

O Parque de Bonaval desemboca nun antigo cemiterio, escenario de múltiples espectáculos ao aire libre

Trala sobremesa suxerímosvos achegarvos ao Parque de Bonaval, antiga leira e cemiterio dun convento dominico. Accedemos polo paso entre o **Museo do Pobo Galego** e o **Centro Galego de Arte Contemporánea**. O paseo discorre en ascenso por unha ladeira conformada por sendeiros, bancadas e muros de xisto. Acompañaranos o murmuro da auga de fontes, canles e alxibes e unha vexetación harmoniosa de magnolios, froiteiros e carballos. Polo camiño atoparedes unha **escultura de Chillida** con forma de marco. Probade a situarvos detrás dela e de cara á paisaxe para descubrir unha visión diferente do casco histórico, repleto de tellados e chemineas. Camiñando non vos será difícil chegar a un **cemiterio**, hoxe desacralizado, cuxo contorno máxico e especial acústica aprovéitase en ocasións para a celebración de espectáculos musicais.

Asistimos a unha cata de viños

Despois recomendámosvos regresar ao taller gastronómico para redondear a experiencia cunha cata de viños dirixida por un enólogo. Sorprenderavos ser capaces de percibir as sutilezas e as diferenzas entre eles grazas á orientación profesional. Con xogos de ensaio visual, olfactivo e gustativo poderemos fixarnos no ton verdoso dun branco xove e no dourado dun de barrica; nunha nota fresca de mazá e noutra que lembra máis a pan; ou a densidade maior ou menor en boca. E aínda que un experto precisa horas e horas de estudo, os nosos sentidos terán gozado das cores, olores e sabores dos viños das denominacións de orixe galegas.



| día 3 |

De compras polo casco histórico

Tralo almorzo, un paseo matinal contaxiaranos da vida e dinamismo que os peregrinos, os composteláns, os turistas e os universitarios lle imprimen ás rúas de Santiago. Mentres camiñamos poderemos explorar o comercio tan activo que existe no casco histórico e que se configura como un centro comercial aberto e monumental. Dende os artigos de **marroquinería** que se exhiben nos postos da Rúa Nova ata os **ourives artesáns do acibeche e da prata** situados no contorno da catedral, podemos atopar case de todo.



Tour polas Denominacións de Orixe de viños de Galicia

Esta é unha experiencia para vivir nunha semana o mellor dos viños das denominacións de orixe galegas: Rías Baixas, O Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei. Pasea entre viñedos pola beira do mar e do río, en ladeiras e vales, en montañas e canóns; achégate a pazos, mosteiros, igrexas, castros e fortalezas. Saborea *albariño*, *treixadura*, *mencia*, *godello*, *loureira*, *caíño branco*, *brancellao* e ata máis de 20 variedades de uvas autóctonas, combinadas en sabias proporcións en adegas señoriais, rústicas ou vangardistas. Descansa e rodéate de atencións en confortables edificios de valor histórico e artístico, en plena natureza ou na urbe.



<p>INICIO_ Cambados FIN_ Santiago de Compostela XORNADAS_ 8</p>	<p>MÁIS INFORMACIÓN_</p> <ul style="list-style-type: none"> → Denominación de Orixe Rías Baixas: www.doriasbaixas.com → Denominación de Orixe O Ribeiro: www.ribeiro.es → Denominación de Orixe Ribeira Sacra: www.ribeirasacra.org → Denominación de Orixe Valdeorras: www.dovaldeorras.tv → Denominación de Orixe Monterrei: www.domonterrei.com 	
---	---	--



10 EXPERIENCIA

- día 1| **Cambados**
 - 1_ Parador de Cambados
 - 2_ Adegas do Pazo de Fefiñáns
 - 3_ Barrio de Fefiñáns
 - 4_ Barrio mariñeiro de San Tomé
 - 5_ Restos da Torre de San Sadurniño
 - 6_ Museo Etnográfico e do Viño
 - 7_ Ruínas da Igrexa de Santa Mariña Dozo
 - 8_ Miradoiro da Pastora
- día 2| **Vilanova de Arousa**
 - 9_ Localidade de Tremoedo
- O Grove**
 - 10_ Porto
- Baiona**
 - 11_ Carabela *La Pinta*
 - 12_ Parador de Baiona
- día 3| **Baiona**
 - 13_ Paseo Monte Boi
- O Rosal**
 - 14_ Adegas Quinta Couselo
- A Guarda**
 - 15_ Porto
 - 16_ Castro de Santa Tegra
- Tui**
 - 17_ Parador de Tui
- día 4| **Tui**
 - 18_ Convento das Clarisas
 - 19_ Catedral de Tui
- Leiro**
 - 20_ Adegas Viña Meín
 - 21_ Mosteiro de San Clodio
- Nogueira de Ramuín**
 - 22_ Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
- día 5| **Sober**
 - 23_ Embarcadero de Doade
 - 24_ Canóns do río Sil
- día 6| **A Rúa**
 - 25_ Encoro de San Martiño
 - 26_ Adegas da Coroa
 - 27_ Complexo do Aguillón
- Monterrei**
 - 28_ Localidade de Monterrei
- día 7| **Monterrei**
 - 29_ Fortaleza de Monterrei
- Verín**
 - 30_ Adegas Tapias Mariñán
- Santiago de Compostela**
 - 31_ Hostal dos Reis Católicos
- día 8| **Santiago de Compostela**
 - 32_ Catedral de Santiago
 - 33_ Casco histórico

En Cambados, vila mariñeira e señorial

O Val do Salnés, no corazón das Rías Baixas e baixo o amparo da Denominación de Orixe do mesmo nome, será o noso punto de partida. A súa proximidade coa arteria vial de Galicia, a Autoestrada do Atlántico (AP-9), e a súa conexión coa Autovía do Salnés (AG-41) dótano de excelente accesibilidade. Dentro do val, a coñecida como “capital do albariño” é a localidade de Cambados. Recomendámosvos chegar pola mañá cedo a esta vila mariñeira e señorial, antigo feudo dunha poderosa fidalguía galega.

Cambados ofrece aloxamento en pazos, casas señoriais ou establecementos rurais ou hoteleiros. Pero o seu estandarte é o **Parador do Pazo de Bazán**, mansión do século XVII, que no seu día aloxou ao mesmo De Gaulle. A súa situación en pleno centro facilítanos a chegada en poucos minutos á imponente **Praza de Fefiñáns**, declarada Ben de Interese Cultural, xunto co conxunto artístico do século XVI que se alza arredor.

Visita á adega do Pazo de Fefiñáns

Destaca o impresionante Pazo de Fefiñáns, cuxa adega nos dispoñemos a visitar. O noso percorrido non só será un encontro de tecnoloxía abrazada á tradición na elaboración destes albariños, senón tamén unha lección de historia, heráldica e arte mentres percorremos os salóns, corredores e

estancias do pazo. Sentirémonos seducidos pola exuberante natureza que encerran os seus muros, camiñando entre os seus viñedos en emparrado e polo seu magnífico xardín de especies autóctonas e buxos centenarios. Concluiremos a visita coa degustación dalgún dos seus excelentes viños.

O contorno de Fefiñáns rodéase de restaurantes onde acompañar os afamados mariscos da ría de Arousa co “príncipe dourado dos viños”, como denominaba Cunqueiro ao albariño.

Historia e mar

Pola tarde aconsellámosvos seguir a gozar da fermosa arquitectura palaciana de Cambados polo aristocrático **barrio de Fefiñáns**. Atravesando as rúas do seu centro histórico alcanzaremos o **barrio de San Tomé**, o máis mariñeiro da vila. Atoparémonos cos restos da **Torre de San Sadurniño** que, en preamar, parece xurdir da ría.

Para completar a visita, suxerímosvos subir ata a parte máis alta da poboación e coñecer o **Museo Etnográfico e do Viño**, situado ao pé das **ruínas da Igrexa de Santa Mariña Dozo**, e presenciar a posta de sol dende o próximo **miradoiro da Pastora**, que vos proporcionará unhas bonitas vistas do Val do Salnés e da Ría de Arousa.

Das adegas de Vilanova de Arousa ao marisco do Grove e Baiona

Tralo almuerzo e unha pequena camiñada polo Paseo Marítimo de Cambados, poñemos rumbo a **Tremoedo**, no veciño concello de **Vilanova de Arousa**. Dende Cambados atopamos unha paisaxe de ladeiras onduladas cheas de emparrados e adegas. Cando degustemos os seus caldos en salas de cata, que son unha alegoría arquitectónica ao mundo do viño, entenderemos a importancia que aquí se lle concede á cultura enolóxica. Nas súas mesas poderannos ofrecer algunha exquisitez do mar como empanada de mexillóns, zamburiñas á prancha ou minifilloas de marisco para acompañar os viños de albariño.

Outra oportunidade é dirixirnos á localidade do **Grove**, coñecida como a “capital do marisco”. Unha boa elección para o xantar son as marisqueiras apostadas fronte ao seu porto e ao longo do Paseo Marítimo. Trala comida, un percorrido polo **porto** situaranos ante un dos maiores bancos marisqueiros do mundo, onde se cultivan mexillóns, ostras e vieiras nas bateas, plataformas flotantes na ría, que distinguiremos a simple vista.



> Porto do Grove



> Vista de Cambados



> Paseo Marítimo de Baiona

O Paseo Marítimo de Baiona, un bo lugar para relaxarse e comer

Pola tarde avanzamos cara ao sur. Poderemos percorrer tranquilamente parte da costa das Rías Baixas, pasando por Sanxenxo, Pontevedra, Arcade, Redondela e Vigo ata chegar a Baiona. Ou ben alcanzar rapidamente esta poboación pola Autoestrada do Atlántico e logo pola AG-57. Unha vez alí, un percorrido polo Paseo Marítimo é ideal para contemplar a baía e as brancas galerías acristaladas da fachada marítima e entretérmonos ata a cea.

No peirao hai unha reprodución exacta da **carabela La Pinta**, que hai máis de 500 anos trouxo ata esta localidade a primeira noticia que soubo Europa do descubrimento de América. En canto ao aloxamento, a oferta é moi variada pero o establecemento máis emblemático e que xa vemos dende o porto é o **Parador**, a medio camiño entre fortaleza e pazo señorial. Está dentro do recinto amurallado do século XIV que percorre a península de Monterreal e conserva as tres torres dende as que se vixiaba a fortaleza. Para a cea pode tentarnos unha **mariscada** ou unha **robaliza en salsa de grelos** procedente da súa cociña ou os menús dos restaurantes do Paseo Marítimo.



| día 3 |

De Baiona a Tui

Cando rematemos de almorzar podemos despedirnos de Baiona percorrendo un tramo do **Paseo Monte Boi**, una senda que rodea a fortaleza. Dende aquí divisamos as illas Estelas e Cíes, entre o mar e un monte de piñeiros, salgueiros, freixos e carballos.

Continuamos cara ao sur, deixando atrás o dominio máis exclusivo do albariño, cara a terras onde a nobreza desta uva enriquecese dos matices aportados pola *loureiro* e a tan delicada *caíño branco*. Esta fórmula practícase no **Val do Rosal**, a parte máis meridional de Galicia e fronteiriza con Portugal.

Por unha serie de estradas provinciais alcanzamos **Couselo**. Aquí poderemos visitar unha **adega** situada nun pazo de hai 200 anos que foi restaurado. E pasearemos polo seu viñado, unha antiga herdade dos monxes cistercienses, aos cales se atribúen os inicios do cultivo da vide nestas terras xa no século XII. Ademais dos viños, algunhas adegas contan con salas de destilación, herdeiras da tradición dos poteiros do Rosal. Degustaremos o seu viño, augardentes e licores, que se destilan e logo maceran neles deliciosos produtos como os **mirabeis**.

A Guarda, capital da lagosta

Por proximidade propoñémosvos comer na localidade da Guarda, “capital da lagosta”. Gozaredes da actividade animada do seu porto. No seu contorno poderedes degustar exquisitos mariscos e peixes e a típica rosca de xema.

Despois da comida, suxerímosvos primeiro un pequeno paseo polo **dique dos mariñeiros** e logo subir ao **Monte de Santa Tegra** e coñecer un dos poboados castrexo-romanos mellor conservados de Galicia. Podedes deixar o automóbil na zona de recepción ao visitante e logo facer a pé unha ruta de menos dunha hora de duración que percorre todos os xacementos arqueolóxicos escavados. Buscade a espléndida colección de evásticas achadas nestas escavacións dentro do museo. Dende a cima obteredes panorámicas espectaculares da Guarda, a desembocadura do Miño no Atlántico e os outeiros suaves e ondulados de viñedos, casas e hortas do Val do Rosal e do veciño Portugal. E se antes de marcharvos vos apetece unha merenda, hai servizo de cafetería e restauración.

En Tui, a lamprea e o meixón, pratos estrela

Logo propoñémosvos remontar o Miño por estrada para chegar a Tui, que foi unha das capitais de Galicia ata 1833. Para dormir atoparedes hotéis, pensións e casas rurais. Pero o seu buque insignia é o **Parador**, a un quilómetro do centro, fronte á **Ponte Internacional** deseñada por Eiffel, que nos comunica con Portugal. Á hora da cea a “**lamprea á tudense**”, o seu prato estrela, será unha tentación. En temporada atoparámola, así como os **meixóns**, en restaurantes da zona porque péscanse no estuario do Miño.

De Tui á Ribeira Sacra

Aconsellámosvos empezar a mañá cun bo almorzo para ascender cedo ao promontorio onde se asenta a vila de Tui. Sentiremos ter viaxado ao medievo mentres subimos polas rúas da Canicoba, Entreforos, Rúa do Corpo Santo ou o túnel de Encerradas, un pasadizo abovedado baixo o **Convento das Clarisas**, que comunica a parte alta coa zona entre murallas. As monxas elaboran os afamados “peixiños”, uns deliciosos doces de améndoa típicos desta localidade.


Chegamos á gran **catedral** fortificada, a única da provincia de Pontevedra, de estilo románico e gótico. A súa porta

occidental merece a fama de ser unha das máis belas do gótico español. No seus capiteis historiados vemos aves e felinos de gran realismo. Tamén á virxe tendida nunha cama, que representa a Natividade. Axiña vincularedes as imaxes con coñecidos capítulos bíblicos.

Neste contorno domina a conca do **Miño**. Exhíbese en toda a súa frondosidade, cos seus bosques de ribeira e os seus fértiles vales, cheos de hortas e de grandes viñedos. Veremos mutar esta paisaxe unha vez que tomemos a A-55 e despois a Autovía das Rías Baixas (A-52) cara aos dominios da Denominación de Orixe O Ribeiro, en Ourense. O camiño tórnase máis accidentado a medida que avanzamos polos Montes da Paradanta, tapizados de matogueiras salpicadas de formacións rochosas.



> “Peixiños”



> Claustro da Catedral de Tui



> Tui

En San Clodio visitaremos unha adega e o mosteiro

Sobre o mediodía alcanzamos San Clodio, unha das parroquias de Leiro, a medio camiño entre O Carballiño e Ribadavia. O val do río Avia caracterízase pola docilidade da súa paisaxe, que deu lugar historicamente a importantes plantacións de viñedos nas súas faldas. Poderemos visitar unha plantación da uva autóctona *treixadura* ao lado dun gran casal rural, convertido en aloxamento con encanto. A súa galería ofrece unha posición privilexiada para ver ascender o viñado por unha ladeira orientada ao mediodía. Despois camiñaremos sobre a súa terra areosa. Na **Adega Viña Meín**, levantada aos pés do casal e adosada a un gran bolo granítico, repasaremos o proceso de produción destes viños. Se nos apetece, podemos concluír a visita no comedor degustando empanada e queixos cos que acompañar a este branco de *treixadura*, ao que tamén se lle engade *godello*, *albariño*, *torrontés* ou *albilla*, en diversas proporcións segundo os anos.

Apenas a un quilómetro de distancia atópase o **Mosteiro de San Clodio**, hoxe hotel-monumento pero aberto ás visitas. Poderemos aproveitar a sobremesa e visitar este lugar onde os monxes do Císter no século XII empezaron a plantar os primeiros viñedos.

A beleza paisaxística da Ribeira Sacra, bañada polo río Sil

Pola tarde poñemos rumbo a unha das paisaxes máis fascinantes da Galicia interior, compartida polas provincias de Lugo e Ourense, a Ribeira Sacra. O seu nome esténdese á denominación de orixe que ampara os viños aquí producidos. Veremos os viñedos colgados de abruptos canóns nas ladeiras que reciben máis luz solar, mentres que nas de sombra é o bosque autóctono o que se apodera do terreo. As altas temperaturas que permiten esta espectacular orografía favorecen a aparición de especies propias do bosque mediterráneo como as sobreiras e os albedros.

Neste territorio agreste ábrese paso o caudaloso río Sil, que parece axeonllarse ante as igrexas e mosteiros que o bendicen dende o alto. Lugar de refuxio para eremitas dende o século IV, a Ribeira Sacra converteuse no berce do monacato galego. Hoxe quedan sobresaíntes exemplos como o **Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil**, Monumento Histórico Artístico dende 1923 e hoxe Parador, onde mesmo poderemos relaxarnos no seu spa. Chegaremos pola A-52, que pasa por Ourense, e logo pola N-120 dirección Monforte de Lemos. No km 550 (en Penalba) collemos o desvío a Luíntra e continuamos ata Santo Estevo de Ribas de Sil.



| día 5 |

Unha aventura en catamarán polo río Sil e visita a unha adega

A beleza da Ribeira Sacra, cos seus viñedos en pendente, merece ser vista dende todas as perspectivas. Pola mañá trasladarémonos á ribeira lucense do Sil e observaremolos dende as profundidades do canón, durante unha viaxe en catamarán, que parte e regresa ao embarcador de Doade, no concello de Sober. Durante hora e media quedaremos absortos vendo como os viñedos dispostos en terrazas ou socialcos parecen escalar polos desfiladeiros. Ao volver a Doade poderemos degustar unha comida tradicional con produtos autóctonos e de temporada, como os **cogomelos** e **castañas**, que constitúen unha excelente guarnición para as carnes da zona, acompañadas polos mencias da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Pola tarde exploraremos o canón a vista de paxaro. Antes deberemos ascender as montañas por serpeantes pistas. Culminaremos o traxecto nunha das adegas da denominación. Coñeceremos o proceso de produción do viño, orientado fundamentalmente á variedade *mencia*, aínda que tamén se usa *brancellao*, *merenzao*, *sousón* e *caíño tinto*. Para os brancos empréganse as variedades *godello*, *albariño* e *treixadura*. Os profesionais da adega contarannos en que consiste a "viticultura heroica", un concepto que xa intuimos de camiño, ao ver como os bancais de viñedos parecen precipitarse en pendentes de vertice. Trala visita regresamos ao hotel para cear e descansar.



> Androlla

| día 6 |

Da Rúa a Monterrei

Tralo almorzo iniciamos a visita á comarca veciña de Valdeorras, na parte nororiental da provincia de Ourense, seguindo a N-120. O noso destino é o concello da Rúa, onde se localiza a maior parte das adegas da Denominación de Orixe Valdeorras. Non perdemos de vista o río Sil, que á altura da Rúa alcanza os dous quilómetros de ancho no **encoro de San Martiño**, lugar privilexiado para a flora e as aves, onde se ten rexistrado máis dunha ducia de familias de patos distintas.

Dende aquí poñemos rumbo ao **Monte da Coroa** para visitar unha adega situada no que foi un antigo asentamento romano. O seu edificio construíuse só con materiais autóctonos como a pedra, a madeira, o barro ou a lousa, sobre a que xira a economía da comarca. Como noutras do lugar, a adega fai madurar os viños baixo terra, en covas-adeга, a poucos metros do que foi unha explotación aurífera traballada polos romanos.

Produtos elaborados da matanza do porco como o botelo ou a androlla son típicos da zona

Ao rematar a visita aconsellámosvos buscar un lugar de comida tradicional onde acompañar un botelo ou unha androlla, elaborados da matanza do porco, cos *godello* ou os *mencia*, as variedades máis empregadas polas adegas da denominación. Para dixerir ben os pratos animámosvos a pasar a tarde percorrendo o **complexo do Aguillón**, zona verde de paseo no contorno do encoro de San Martiño. Fóra da parte máis urbana hai paseos de terra que se internan entre as árbores e poden chegar a pequenas enseadas. Son miradoiros privilexiados das aves que frecuentan este espazo natural.

Continuaremos ata as ladeiras e os vales da Denominación de Orixe Monterrei, na zona suroriental de Ourense, próximos a Portugal. O emblema da comarca é a **cidade-fortaleza de Monterrei**. Aos seus pés hai un Parador, con aires de pazo, unha opción perfecta para pasar a noite ao amparo da fortaleza. Verín e os seus arredores completan a oferta hoteleira e de aloxamentos rurais.

| día 7 |

De Monterrei a Santiago de Compostela

Pola mañá faremos unha visita obrigada á cidadela de Monterrei, considerada por moitos autores como a maior acrópole de Galicia. Se estamos aloxados no Parador será un pequeno tramo en ascenso. Ao subir decatámonos da estrutura de tripla muralla e observamos as construcións que aparecen ao noso paso. Ao chegar á cima accedemos ao patio de armas, arredor do cal atopamos a **Torre da Homenaxe**, a **Torre das Damas**, o **Palacio dos Condes** e a **Igrexa de Santa María**. Impresionarannos as panorámicas do val, bañado polo río Tâmega, e os seus viñedos. Podemos baixar a comer a Verín, a capital comarcal. O **polbo á feira** dos seus bodegóns é popularmente recoñecido.

A primeira hora da tarde poderemos visitar unha das **adegas** da Denominación de Orixe na parroquia veciña de Pazos. Pasearemos polo amplo viñado asentado en chan ao lado da adega, recibindo explicacións da man dos seus profesionais. Concluimos a visita coa degustación dos seus caldos: *treixaduras* e *godellos* nos brancos e *mencia* con *tempranillo* nos tintos.

Culminaremos o día en **Santiago de Compostela**, onde chegaremos comodamente por autoestrada. Procuraremos non retrasar moito a saída para ter tempo de instalármonos no hotel elixido e cear na capital de Galicia. A oferta gastronómica e hoteleira da cidade é moi ampla. O **Hostal dos Reis Católicos** une historia, arte, tradición e luxo. Será emocionante descansar xunto á fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago.



> Fortaleza de Monterrei



> Parque Natural do Invernadeiro

| día 8 |

En Santiago de Compostela, das cubertas da catedral ás súas rúas empedradas

Estamos en Santiago de Compostela. A visita á catedral é ineludible. Pero a moitos sorprenderalles que se poida empezar polo tellado. Así é como o imos facer esta mañá, guiados por profesionais que nos conducen polas cubertas do templo. Descubriremos a beleza harmónica dos seus diferentes estilos arquitectónicos, as impresionantes prazas que a rodean e o seu extraordinario contorno. Dende a altura contemplaremos a vista de paxaro boa parte desta cidade Patrimonio da Humanidade.

Ata a despedida, Santiago está repleto de sorpresas que nos cativarán. A emblemática **Rúa do Franco** e as rúas próximas do casco histórico compostelán reúnen a rica variedade da gastronomía galega. No contorno da catedral reina a delicada artesanía do acibeche e a prata. Convive en harmonía cos locais e establecementos comerciais máis diversos, dende os tradicionais aos máis vangardistas. E todo dominado pola pedra e por espazos verdes con singular encanto.



> Santiago de Compostela





FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA